



### XUNTA DE GALICIA

#### CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE. AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS

##### Anuncio

Autorizado o correspondente pago de expropiacións dos terreos ocupados con motivo das obras de:

Obra: ADAPTACIÓN DA ESTRADA LU-231, FRIOL-A BAIUCA. P.Q. 0+000 - 18+700 (ENLACE AUTOESTRADA A-54) AO PLAN DE BAIXA IMD MELLORADA. TREITO: 0+000 - 9+400.

Termo municipal: FRIOL

Clave: LU/16/075.10.1

Este servizo provincial da Axencia Galega de Infraestruturas resolveu:

Sinalar a data de pago, segundo a relación de afectados que se achega.

Día: 6 de xuño de 2022

Lugo, 6 de maio de 2022.- O xefe do servizo provincial da Axencia Galega de Infraestruturas, Gerardo Pallares Sánchez

**Expediente: 3097**

Término municipal de:	FRIOL
Informe de direccións dos predios expropiados con motivo das obras:	Adaptación da estrada LU-231. Friol-A Baiuca, puntos quilométricos 0+000-18+700 (enlace autoestrada A-54) ao plan de baixa imd mellorada. _Treito 0+000-9+400
Clave:	LU-16-075-10-1

PREDIO/S	TITULAR	ENDEREZO
21	LOPEZ LOPEZ JOSE 34134549-L	VIGO -SIRGUEIROS. 27346 O INCIO (LUGO)
161; 160; 162; 166; 168; 159	MONTE COMUNAL DE CONDES (SAN MARTÍÑO)	CASTRO, SN - CONDES. 27235 FRIOL (LUGO)
76	MORENO PENAS GONZALO 76571311-X, MORENO PENAS MARIA CARMEN 33318464-C ,PENAS SANJURJO MARIA CARMEN 76532136-G	MACEDO, 2 - CONDES. 27235 FRIOL (LUGO)
3	MORENO RODRIGUEZ ANTONIO (HEREDEROS DE) 18152150K	

102	MORENO SIEIRO FIDEL 33841803-V	AVDA. DA CORUÑA, 187 - 2º IZQ. 27003 LUGO
182; 169; 177; 173; 170	MVMC DE SAN CIBRAO DA PREGACION EXP 87/80	
32	MVMC DO MONTE Y 2 EXP 26/76	AS PARDELLAS, 3-CONDES. 27235 FRIOL (LUGO)
37	NAVARRETE SANTOS ALICIA 34764643M, SANTOS FOLGUEIRA JOSE MANUEL 39029143Y , SANTOS PRADO MARIA ISABEL 34736316Z	
23	NUÑEZ COBAS JESUS EDUARDO 76568221-W	RÚA DOS CASTELOS, 8 - 27220 FRIOL (LUGO)
18	NUÑEZ COBAS MARIA TERESA 76568223-G	CASTELO. 27220 FRIOL (LUGO)
174	ODAMS DE ZYLVA ALAN MARTIN Y4928713B, ODAMS DE ZYLVA JUSTIN ANTHONY Y4922629E	
36	PENAS BOTANA JOSE RAMON 35251024M	AS PARDELLAS - CONDES. 27235 FRIOL (LUGO)
38	RODRIGUEZ CARBALLO IRENE 33787831-A, ABELEDRO RODRIGUEZ JAVIER BENIGNO 38442617-A, ABELEDRO SEREN JOSE ANTONIO 38417853-X	RÚA CONCELLO, 6 - 3º C. 27003 LUGO
144; 132; 133; 140; 153; 139	RODRIGUEZ COBAS ANGELINES 33842568-T	XUL, 6 - CONDES. 27235 FRIOL (LUGO)
192	VILARIÑO MONTEAGUDO JOSEFA 33770542X, VILARIÑO MONTEAGUDO RAUL 33625734X	
1	VIZCAINO RIO JOSE MANUEL 33557298E	PORTELA, 5 27220 FRIOL (LUGO)

R. 1149

## EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

ÁREA DE ECONOMÍA, RECADACIÓN, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS. SERVIZO DE XESTIÓN,  
RECADACIÓN E INSPECCIÓN TRIBUTARIA

*Anuncio*

### EDICTO

NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE DÉBEDAS TRIBUTARIAS DE VENCEMENTO PERIODICO.

De conformidade co establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria, do 17 de decembro, notifícase colectivamente a liquidación dos ingresos públicos e concellos que se citan:

CONCELLO	PERIODO	TAXAS
BARALLA	1º-trimestre-2022	Taxa de subministro de auga, lixo, sumidoiros e Canon auga Xunta de Galicia.
MURAS	Ano 2021	Taxa de auga municipal e Canon auga Xunta de Galicia.
O INCIO	1º-trimestre-2022	Taxa de auga, lixo e Canon auga Xunta de Galicia.
O PÁRAMO	1º-trimestre-2022	Taxa de subministro de auga e Canon auga Xunta de Galicia.
ANTAS DE ULLA	Ano 2021	Taxa polo servizo de recollida de residuos sólidos urbanos.
CARBALLEDO	Ano 2022	Taxa pola recollida de lixo
MONTERROSO	Ano 2022	Taxa de recollida de lixo en parroquias
MURAS	Ano 2021	Taxa de recollida de residuos sólidos urbanos
NAVIA DE SUARNA	1º-trimestre-2022	Taxa de recollida de lixo
O PÁRAMO	1º-trimestre-2022	Taxa de recollida de residuos sólidos urbanos
PALAS DE REI	Ano 2022	Taxa de recollida lixo e de residuos sólidos urbanos
POL	1º-trimestre-2022	Taxa de recollida de residuos sólidos urbanos
FOLGOSO DE COUREL	Ano 2021	Taxa de recollida de lixo e rede de sumidoiros
MONTERROSO	Ano 2022	Taxa pola entrada de vehículos a traveso das beirarrúas.
O SAVIÑAO	Ano 2022	Taxa pola entrada de vehículos a traveso das beirarrúas.
O VICEDO	Ano 2022	Taxa pola entrada de vehículos a traveso das beirarrúas.

Os Padróns poderán ser consultados polos interesados na Deputación Provincial de Lugo/ Servizo de Xestión, Recadación e Inspección Tributaria (Ronda Muralla, núm. 140- Pavillón 1- CP 27004- Lugo) e no Concello correspondente, durante o prazo de QUINCE DIAS contados a partir da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

As liquidacións obxecto de notificación colectiva teñen carácter provisional segundo o disposto no art. 101.4 da Lei Xeral Tributaria e, en contra destas, poderase interpoñer recurso de reposición perante o órgano competente do Concello, no prazo DUN MES, a contar dende o día seguinte da finalización do prazo de exposición. Poderase exercitar, non obstante, calquera outro recurso que se considere procedente. Todo iso, en virtude co establecido no art. 14.2 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais.

O Presidente, P. D. Decreto, de data 24/07/2019.- A Deputada Delegada de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, Mayra García Bermúdez

#### ANUNCIO DE COBRANZA

##### Recadacion en período voluntario de débedas tributarias de vencemento periódico.

De conformidade co establecido nos artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación, aprobado por Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, comunícase que o prazo de ingreso en período voluntario de Taxas e Prezos Públicos, relacionados abaixo, empezará a contar o día 12/05/2022 e finalizará o día 12/07/2022, ambos os dous incluídos.

Relación de tributos e concellos:

CONCELLO	PERIODO	TAXAS
BARALLA	1º-trimestre-2022	Taxa de subministro de auga, lixo, sumidoiros e Canon auga Xunta de Galicia.

MURAS	Ano 2021	Taxa de auga municipal e Canon auga Xunta de Galicia.
O INCIO	1º-trimestre-2022	Taxa de auga, lixo e Canon auga Xunta de Galicia.
O PÁRAMO	1º-trimestre-2022	Taxa de subministro de auga e Canon auga Xunta de Galicia.
ANTAS DE ULLA	Ano 2021	Taxa polo servizo de recollida de residuos sólidos urbanos.
CARBALLEDO	Ano 2022	Taxa pola recollida de lixo
MONTERROSO	Ano 2022	Taxa de recollida de lixo en parroquias
MURAS	Ano 2021	Taxa de recollida de residuos sólidos urbanos
NAVIA DE SUARNA	1º-trimestre-2022	Taxa de recollida de lixo
O PÁRAMO	1º-trimestre-2022	Taxa de recollida de residuos sólidos urbanos
PALAS DE REI	Ano 2022	Taxa de recollida lixo e de residuos sólidos urbanos
POL	1º-trimestre-2022	Taxa de recollida de residuos sólidos urbanos
FOLGOSO DE COUREL	Ano 2021	Taxa de recollida de lixo e rede de sumidoiros
MONTERROSO	Ano 2022	Taxa pola entrada de vehículos a traveso das beirarrúas.
O SAVIÑAO	Ano 2022	Taxa pola entrada de vehículos a traveso das beirarrúas.
O VICEDO	Ano 2022	Taxa pola entrada de vehículos a traveso das beirarrúas.

O ingreso das débedas realizarase en calquera oficina da Entidade ABANCA, "La Caixa" - Caixabank SA, Banco Bilbao Vizcaya Argentaria S. A. (BBVA) e Banco Sabadell S.A., en días laborables, de luns a venres, de 08:30 a 14:00 h, na que se presentará o documento de ingreso que se envía, por correo, aos domicilios dos contribuíntes. As persoas que non reciban ou extravíen o documento de ingreso, poderán solicitar un novo na oficina da entidade bancaria e realizarán, igualmente, o pagamento. O ingreso poderá realizarse por calquera canle habilitada en horario ampliado (caixeiros automáticos, internet, banca electrónica).

Tamén pode realizarse o pago na Sede Electrónica da Deputación, Portal do Contribuínte, por delegación do seu Concello, que é o que envía o Padrón para o cobro. Ou mediante xiro postal dende calquera oficina de Correos (Sociedad Estatal Correos y Telégrafos).

O pagamento dos citados tributos poderase domiciliar, para anos sucesivos, en caixas de aforros, bancos e demais entidades financeiras. Para este trámite será necesario cubrir o impreso de domiciliación que acompaña ao documento cobratorio e remitilo ao Servizo de Xestión Tributaria e Recadación, ou ben entregalo en calquera das entidades citadas, cando a domiciliación se refira a unha conta aberta nas mesmas.

Infórmase tamén que, transcurrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas faranse efectivas pola vía de constrinximento e serán esixibles as recargas do período executivo e os xuros de mora correspondentes, tal como estipulan os artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, do dezasete de decembro, xeral tributaria e, se é o caso, as custas que se produzan.

A falta de pagamento do Canon da Auga e do Coeficiente de Vertedura, no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga e do Coeficiente de Vertedura poderá ser obxecto de reclamación económico administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación.

O Presidente, P. D. Decreto, de data 24/07/2019.- A Deputada Delegada de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, Mayra García Bermúdez.

R. 0916

**SERVIZO DE RRHH-SELECCIÓN, PROMOCIÓN E CARREIRA***Anuncio*

**CORRECCIÓN DE ERRO MATERIAL NA PUBLICACIÓN DAS BASES ESPECÍFICAS QUE REXERÁN O PROCEDIMENTO SELECTIVO PARA O INGRESO, COMO PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, EN OITO (8) PRAZAS DENOMINADAS AUXILIAR DE SALA, INCLUÍDAS NA OEP DO ANO 2019.**

Por acordo da Xunta de Goberno de data 29.04.2022, apróbase a convocatoria e as bases específicas que rexerán o procedemento selectivo para o ingreso, como persoal funcionario de carreira na Deputación Provincial de Lugo, en oito prazas denominadas Auxiliar de Sala, incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2019, acceso libre, polo sistema de concurso – oposición libre.

Producíndose erro material na publicación das bases específicas (BOP núm. 105, do 09.05.2022), concretamente no referido ao punto 9 (PROGRAMA DE ACCESO), e considerando o establecido no artigo 109.2 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas que textualmente di: “As Administracións públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais de feito o aritméticos, existentes nos seus actos”, publícase de novo o punto 9 das ditas bases específicas (PROGRAMA DE ACCESO), unha vez emendado de oficio o erro, substituindo así ao publicado no BOP núm.105, do 09.05.2022.

**A) MATERIAS COMÚNS**

1. A Constitución Española de 1978. Características e estrutura. Principios Xerais. Dereitos e deberes fundamentais dos españois.
2. A organización territorial do Estado. Distintas Administracións Públicas. A Administración xeral do Estado. A Administración Autónoma Galega. A Administración Local.
3. O réxime local español. Clases de entidades locais. Organización municipal. Competencias municipais. Organización Provincial. Competencias provinciais. A Deputación Provincial de Lugo: organización administrativa. O Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo ( BOP número 202, de 3 de setembro de 2020)
4. O persoal ao servizo das entidades locais. Os funcionarios públicos: clases e selección. Situacións administrativas. Provisión de postos de traballo. O persoal laboral: tipoloxía e selección. Dereitos e deberes do persoal ao servizo da administración local.

**B) MATERIAS ESPECÍFICAS**

5. Noción de patrimonio. O patrimonio histórico Español, regulación estatal e autonómica.
6. Historia do museo en España, nacemento e etapas fundamentais nos séculos XIX e XX. Panorama contemporáneo: Función e concepto de museo. Tipoloxías de museos, organización, xestión e financiación. Contexto europeo. A xestión de calidade nas institucións museísticas.
7. A Rede Museística da Deputación de Lugo. Historia dos museos que a integran e das coleccións que albergan. Peculiaridades de cada un dos catro museos e estratexias de mediación e intercomunicación coas respectivas contornas.
8. A Rede Museística da Deputación de Lugo como referente da Museoloxía Social. Os Museos inclusivos e sociais. Pautas para a atención de visitantes individuais ou a colectivos con dificultades cognitivas e de exclusión social.
9. A Historia e contidos das coleccións de Belas Artes dos catro museos da Rede Museística dende a Museoloxía Social. Estratexias e actividades de mediación con diferentes tipos de visitantes, contornas e contextos (online e presencial)
10. A Historia e contidos das coleccións de Etnografía dos catro museos da Rede Museística dende a Museoloxía Social. Estratexias e actividades de mediación con diferentes tipos de visitantes, contornas e contextos (online e presencial)
11. A Historia e contidos das coleccións de Artes decorativas dos catro museos da Rede Museística dende a Museoloxía Social. Estratexias e actividades de mediación con diferentes tipos de visitantes, contornas e contextos (online e presencial)
12. A Historia e contidos das coleccións de Arqueoloxía e Historia dos catro museos da Rede Museística dende a Museoloxía Social. Estratexias e actividades de mediación con diferentes tipos de visitantes, contornas e contextos (online e presencial)
13. As coleccións do Museo Provincial do Mar. Historia, contido. O medio mariño, recursos e sostibilidade.
14. As coleccións do Pazo de Tor. Historia e contido.
15. As coleccións do Museo San Paio de Narla. Historia e contido.

16. Políticas de igualdade de xénero. A Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes. Políticas contra a Violencia de Xénero. A Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero. Políticas sociais dirixidas á atención a persoas con discapacidade e/ou dependentes. A perspectiva de xénero na interpretación do patrimonio e nos museos: obxectivos e análise desde unha visión transversal.
17. O auxiliar de sala como dinamizador e mediador/a cultural: A atención e información aos visitantes individuais e en grupo. As Visitas guiadas/mediadas a grupos e colectivos en xeral. Visitas guiadas adaptadas para persoas con discapacidade. A elaboración de accións e actividades didácticas.
18. Os dereitos dos cidadáns ante a administración pública. A administración ao servizo da persoa usuaria. Público potencial na Rede Museística. Medidas organizativas, estratéxicas e de mediación no que respecta a atención aos visitantes atendendo aos diferentes colectivos. Acolliada e información ao cidadán. Control de visitantes.
19. Elaboración de actividades didácticas online e vinculación coa comunidade a distancia nos catro museos da Rede Museística. Museos, Territorio, comunidade.
20. A Rede Museística na súa dimensión dixital: a programación multicanle e novos modos de relación.

Pazo Provincial, 09 de maio de 2022.- O SECRETARIO XERAL, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 1165

## CONCELLOS

### BALEIRA

#### *Anuncio*

#### **CONVOCATORIA E BASES DO PROCESO PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL PARA A CONTRATACIÓN DUN/HA AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A AO ABEIRO DO “PROGRAMA DE FOMENTO DO EMPREGO DO PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO 2021” NO CONCELLO DE BALEIRA, LUGO.**

O Concello de Baleira, aprobou por acordo da Xunta de Goberno Local do 4 de maio do 2022, as bases e convocatoria para a selección de un/ha auxiliar administrativo/a, en réxime de persoal laboral temporal no marco do Programa de fomento do emprego, incluído no Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos do 2021 mediante o sistema de concurso-oposición.

De seguido publícanse as bases aprobadas por acordo da Xunta de Goberno Local de 4 de maio do 2022.

**BASES QUE REXERÁN O PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL PARA A CONTRATACIÓN DUN/HA AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A AO ABEIRO DO “PROGRAMA DE FOMENTO DO EMPREGO DO PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO 2021” NO CONCELLO DE BALEIRA, LUGO.**

#### 1.-OBXECTO

1.1. Obxecto: Constitúe o obxecto das presentes bases a convocatoria e regulación do procedemento de selección mediante o sistema de concurso-oposición de UN/HA AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A a xornada completa en réxime de persoal laboral temporal para a execución de obras, servizos e creación de emprego ao abeiro do “Programa de Fomento do Emprego”, financiado con cargo ó Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2021, da Deputación Provincial de Lugo.

O Programa de Fomento do Emprego está destinado á contratación ou nomeamento de persoal para a execución de obras e servizos mínimos obrigatorios de competencia municipal, de interese xeral e social, de conformidade coa normativa aplicable, sempre que se cumpran cos requisitos establecidos nas bases do Plan Único Provincial de Cooperación cos concellos 2021, publicado no BOP Núm. 8 do 12 de xaneiro de 2021.

Considérase que as tarefas a realizar polo traballador/a a contratar se encadran dentro das competencias máis esenciais que segundo normativa vixente lle corresponden a este Concello, considerándose de carácter urxente e inaprazable, e que polos escasos medios materiais e persoais deste concello non sería posible prestar sen a contratación do mencionado persoal.

Os salarios serán os establecidos no Convenio de Oficinas e Despachos da Provincia Lugo (AUXILIAR ADMINISTRATIVO), sendo a modalidade do contrato a realizar co traballador/a seleccionado o de contrato para mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, código 405.

1.2. Normas de aplicación: O procedemento selectivo regularase polo previsto nas presentes bases e no non previsto nelas, polo establecido no RD lexislativo 5/2015, do 30 de outubro polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), na Lei 30/84, de 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, no Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real Decreto Lexislativo

781/1986, de 13 de xuño; na Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia; na Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia; no Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local; con carácter supletorio tamén se aplicará o Decreto 95/1991, de 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección do persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia no que non se opoña á Lei 2/2015, de emprego público de Galicia; Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de ingreso do persoal ó servizo da Administración do Estado e demais disposicións aplicables.

1.3. O sistema de selección dos/as aspirantes será o de concurso-oposición.

1.4. A presente convocatoria e as bases publicaranse no taboleiro de anuncios do concello de Baleira, na sede electrónica do concello ([www.concellobaleira.sedelectronica.gal](http://www.concellobaleira.sedelectronica.gal)) e da Excm. Deputación Provincial de Lugo ([www.deputacionlugo.org](http://www.deputacionlugo.org)) e no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. Os sucesivos anuncios relacionados co procedemento publicaranse no taboleiro de anuncios do concello e na sede electrónica do concello [www.concellobaleira.sedelectronica.gal](http://www.concellobaleira.sedelectronica.gal).

2. TIPO E DURACIÓN DO CONTRATO .O contrato laboral que se formalizará coa persoa seleccionada será de duración determinada e a xornada completa na modalidade de contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, código 405, segundo o previsto na disposición final segunda do Real Decreto -Lei 32/2021, de 28 de decembro, que modifica al apartado 1 de la disposición novena del texto refundido de la Ley de Empleo aprobada por el Real Decreto Legislativo 3/2015, de 23 de octubre. A duración aproximada do contrato de traballo será de catro meses, tendo en conta que o prazo límite para o remate dos devanditos contratos é o 31 de outubro do 2022.

3. FUNCÍONS .-As tarefas a desenvolver polo traballador/a contratado/a serán as propias do posto de traballo de auxiliar administrativo referidas a actuacións urxentes e inaprazables que contribúan a mellorar a prestación dos servizos básicos do concello.

Labores de apoio ó persoal funcionario do concello, a modo orientativo:

-Atención ao público, telefónica e persoal.

-Elaboración e mecanografado de escritos diversos, correspondencia e resto de documentos.

- Manexo dos programas informáticos necesarios para a súa actividade (gravación de datos, obtención de listaxes, etc.).

- Xestión de correspondencia (recepción, distribución e arquivo).

-Tarefas sinxelas e programadas ou estandarizadas da xestión administrativa.

-Fotocopiado e escáneo de documentos así como tarefas administrativas diversas propias do posto de traballo de auxiliar administrativo.

4.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES. Para participar no proceso selectivo, os aspirantes deberán reunir os requisitos que a continuación se indican segundo o establecido no artigo 56 do TREBEP, referidos todos e cada un deles á data de remate do prazo de presentación de solicitudes:

a) Nacionalidade:

a.1) Ter a nacionalidade española.

a.2) Ser nacional dalgún dos estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún Estado en que, en virtude dos tratados internacionais realizados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

a.3) Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois e dos nacionais doutros Estados membros da Unión Europea, e dos nacionais dalgún Estado ao cal, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estivesen separados de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de 21 anos ou maiores de dita idade dependentes.

b) Capacidade funcional: non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións. A condición de discapacitado e a súa compatibilidade acreditarase coa oportuna certificación.

c) Idade: ter cumpridos 16 anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

d) Habilitación: non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso a corpos ou escalas de persoal funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non

atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

e) Titulación: Título de graduado Educación Secundaria Obrigatoria (ESO), ou bacharel elemental. No caso de alegar equivalencias de títulos achegárase o certificado ao efecto da Consellería de Educación ou organismo competente. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán ter o documento que acredite fehacientemente a súa homologación.

f) Incluírse un exame de galego, agás para aqueles/as aspirantes que acrediten o coñecemento da lingua galega conforme a normativa vixente, mediante a presentación do certificado Celga 3, iniciación á lingua galega ou equivalente, como mínimo (requisito que deberá acreditar coa presentación da copia compulsada do mesmo). A cualificación do exame será de apto/a ou non apto/a e terá carácter eliminatorio sendo necesaria a obtención da cualificación de apto/a para acceder ó posto de traballo .

g) Non atoparse incurso/a en ningunha das causas de incapacidade que determine a lexislación vixente.

h) Provir de situación de desemprego ou mellora de emprego.

Os requisitos citados deberán reunirse con referencia ó derradeiro día do prazo de presentación de instancias, debendo continuar en posesión dos mesmos durante todo o proceso selectivo.

5. SOLICITUDES 5.1. As solicitudes para tomar parte nas correspondentes probas selectivas axustaranse ó modelo que figura como Anexo I ás presentes Bases e dirixíranse ao Sr. Alcalde do concello de Baleira no prazo de cinco (5) días hábiles contados dende a publicación do anuncio de convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. Se o último día do prazo coincide con sábado, domingo ou festivo, entenderase que o prazo remata o primeiro día hábil seguinte. Xunto coas instancias solicitando participar no proceso, deberá presentarse a seguinte documentación, orixinal ou copia compulsada:

a) Documento nacional de identidade, pasaporte ou tarxeta de residente vixentes.

b) Declaración responsable, asinado polo ou pola aspirante, de non estar afectada/o por ningún dos motivos de incompatibilidade ou incapacidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas e de non ter sido separado /a do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas por expediente disciplinario ou resolución xudicial firme nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, ou para exercer funcións similares ás que se desempeñaba no caso do persoal laboral, segundo o modelo que se insire nestas bases como Anexo I.

No caso de ser nacional doutro Estado, declaración responsable, asinada polo/a aspirante, de non estar afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas e de non estar inhabilitado ou en situación equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

c) Acreditación da posesión do nivel de idioma galego esixido nas bases. De carecer desta acreditación, o/a aspirante someterase obrigatoriamente á proba de coñecemento do idioma galego prevista nas bases.

d) Documentos xustificativos dos méritos que as ou os aspirantes aleguen para a súa valoración no concurso segundo o establecido na base 8ª. Aos efectos de acreditar a pertenza a algún dos colectivos con dificultades de integración laboral se presentará:

- Certificación, de ser o caso, acreditativa do grao de discapacidade.

- De ser o caso, as persoas que aleguen ser vítima de violencia de xénero: 1. Certificación da orde de protección ou da medida cautelar, testemuño ou copia autenticada pola/o secretaria/o xudicial da propia orde de protección ou da medida cautelar. 2. Sentenza de calquera orde xurisdiccional, que declare que a muller sufriu violencia de xénero. 3. Informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios de violencia 4. Informe dos servizos sociais e/ou sanitarios da Administración pública autonómica ou local no que se recolla dita condición. 5. Informe dos servizos de acollida da Administración pública autonómica ou local en que se recolla dita condición 6. Informe da Inspección de Traballo e Seguridade Social 7. Calquera outras dispostas regulamentariamente.

A efectos destas bases, entendese por mulleres en situación de violencia de xénero todas aquelas que cesasen a relación de convivencia co agresor e acrediten a situación de violencia a través de calquera das formas previstas no artigo 5 da Lei galega 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

As instancias poderanse remitir por calquera das formas determinadas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que os/as interesados/as aceptan e acatan todas e cada unha das bases desta convocatoria.

Deberanse acompañar á solicitude as xustificacións documentais debidamente compulsadas dos méritos que desexen alegar en relación coa praza que se convoca.



Non se valorarán os méritos que non estean acreditados documentalmente ou que, a xuízo do Tribunal, non estean suficientemente acreditados. A non acreditación dos méritos alegados determinará que estes non sexan tidos en conta polo Tribunal nin se valorarán aínda que se acrediten fora do prazo de presentación de instancias xa que non poderá subsanarse. Tampouco se requirirá aos interesados para que os acrediten.

6.-ADMISIÓN DE ASPIRANTES. Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará resolución no prazo máximo de 3 días hábiles, declarando aprobada a lista provisoria de admitidos/as e excluídos/as. Esta resolución publicárase no taboleiro de edictos da casa do Concello, e na sede electrónica [www.concellobaleira.sedelectronica.gal](http://www.concellobaleira.sedelectronica.gal) sinalándose un prazo de tres (3) días hábiles contados a partires do seguinte ao da publicación da resolución para que os aspirantes excluídos poidan emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión. Rematado o prazo de subsanación, ditarase resolución nun prazo de 3 días hábiles elevando a definitiva a lista de admitidos e excluídos .

O prazo de emenda non é de aplicación respecto dos méritos alegados pero non aportados.

No caso de que fosen admitidos tódolos aspirantes presentados, poderá ditarase directamente a lista definitiva de admitidos, sen prexuízo de que contra a mesma se poderá interpoñer os recursos procedentes en dereito.

Na publicación indícarase o nome e apelido, e DNI dos aspirantes. Contra a resolución definitiva se poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou poderase interpoñer directamente o recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses, contados desde a mesma data, de conformidade co disposto no art. 8.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contenciosa administrativa.

O feito de figurar na relación de admitidos non prexulga que se lles recoñeza aos interesados a posesión dos requisitos esixidos no procedemento que se convoca. Cando da documentación que debe presentarse, no caso de superar o procedemento selectivo, se desprenda que non posúen algún dos requisitos, os/as interesados/as decaerán en todos os dereitos que puideran derivar da súa participación no procedemento. Os datos persoais (nome, apelidos, dirección aos efectos de notificacións) dos candidatos que participen no procedemento selectivo, serán utilizados unicamente para o fin do presente procedemento selectivo, e co fin de dar cumprimento ao principio de publicidade esixido na vixente lexislación.

7. TRIBUNAL CUALIFICADOR OU COMISIÓN DE VALORACIÓN. O tribunal estará constituído por funcionarios de carreira ou persoal laboral fixo.

O Tribunal será nomeado mediante Resolución de Alcaldía que se publicará xunto coa relación provisional ou, de-sé lo caso, definitiva no caso de que tódalas solicitudes fosen admitidas.

O tribunal terá a seguinte composición:

Presidente/a: Un funcionario/a de carreira ou persoal laboral fixo pertencente a grupo de clasificación profesional de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso á praza convocada.

Secretario/a: a da Corporación ou persoa que faga as súas veces.

Vogais: Tres funcionarios/as de carreira ou persoal laboral fixo pertencentes a grupo de clasificación profesional de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso á praza convocada.

. Os membros do tribunal deberán absterse de intervir cando concorran neles, circunstancias das previstas no art. 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran neles algunha das circunstancias previstas nas presente bases, conforme o artigo 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a presenza, cando menos, de tres dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. En todo caso requírese a asistencia do/a presidente/a e do/a secretario/a ou dos que legalmente os substitúan. O procedemento de actuación do tribunal axustarase ao disposto na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, levantando de cada sesión acta, que se autorizará, coa sinatura do secretario/a e co visto e prace do Presidente/a do tribunal. O tribunal poderá dispoñer a incorporación de asesores especialistas para as probas en que así o estimen necesario ou conveniente. Os ditos asesores, actuarán con voz e sen voto, limitándose ao exercicio das especialidades técnicas en base ás cales colaboran no respectivo tribunal. O tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes, tódalas dúbidas e propostas que se produzan para a aplicación das normas contidas nestas bases, e estará facultado para resolver as cuestións que poidan suscitarse durante a realización das probas, así como adoptar as medidas necesarias.

## 8. PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN

O procedemento de selección será o de concurso-oposición, realizándose en primeiro lugar a fase de oposición e posteriormente a de concurso. Tan só se valorarán os méritos dos/as aspirantes que superen a fase de oposición. A puntuación definitiva estará determinada pola suma das puntuacións obtidas na fase de oposición, dos aspirantes que a superen, e na fase de concurso.

8.1. FASE: OPOSICION (DE CARÁCTER OBRIGATORIO E ELIMINATORIO) (máximo 10 puntos). Os aspirantes serán convocados en chamamento único. A non presentación comporta que decae automaticamente no seu dereito a participar no exercicio do que se trate, xa que logo, quedara excluído do proceso selectivo.

Esta parte consistirá en contestar por escrito a un cuestionario tipo test de 20 preguntas con tres respostas alternativas nun tempo máximo de trinta minutos baseadas no contido do programa da convocatoria relacionado no ANEXO I. Só unha das respostas será a correcta. Cada resposta acertada puntuarase con 0,50 puntos, e cada resposta errónea puntuará -0,25. A puntuación máxima é de 10 puntos, quedando eliminados aqueles que non obteñan un mínimo de 5 puntos.

O lugar, data e hora da proba publicarase no taboleiro de edictos do concello e na sede electrónica do concello [www.concellobaleira.sedelectronica.gal](http://www.concellobaleira.sedelectronica.gal) xunto coa composición do tribunal. Polos mesmos medios publicarase o lugar, data e hora do exame de galego.

8.2.- Proba de galego: Consistirá en traducir nun tempo máximo de 30 minutos, e sen axuda de dicionario, un texto de castelán a galego proposto polo Tribunal. Esta proba é obrigatoria e eliminatoria, cualificarase de apto/a ou non apto/a e será obrigatorio obter a cualificación de apto/a para acceder ó posto de traballo. Estarán exentos da realización da proba de galego os aspirantes que acrediten posuír o nivel de coñecemento de galego Celga 3 ou superior.

8.3 FASE: CONCURSO DE MÉRITOS (NON ELIMINATORIO): A puntuación máxima total do concurso establécese 6,5 puntos e será o resultado de sumar os méritos que se enumeran nos seguintes apartados cos límites que se sinalan para cada un deles.

Deberá estarse en posesión dos méritos alegados, como máximo, na data de expiración do prazo concedido para a presentación de instancias. O Tribunal, en ningún caso, poderá valorar o non achegado e probado polos e polas aspirantes na documentación aportada coa instancia de solicitude, sen que sexa admisible a concesión de prazo ningún para enmendadas ou subsanacións con posterioridade ao día de remate do prazo de presentación daquela. O tribunal valorará os méritos alegados e xustificadas documentalmente polos aspirantes conforme ao seguinte baremo:

a) Experiencia profesional. Máximo 4,00 puntos. -

Por ter prestados servizos en calquera das Administracións Públicas en postos de traballo iguais aos que se convocan, cada mes completo 0,10 puntos. -

Por ter prestados servizos en empresas privadas en postos de traballo iguais aos que se convocan, cada mes completo 0,05 puntos.

Os servizos prestados por tempo inferior a un mes prorratearanse proporcionalmente e consideraranse os meses de 30 días naturais. A puntuación reducirase proporcionalmente nos prestados a tempo parcial. Para acreditar os méritos sinalados neste apartado haberá de achegarse copia compulsada dos contratos de traballo (ou certificado de servizos no caso de que se prestaran na Administración Pública no que quede acreditado de forma clara e expresa a ocupación e período traballado) e do informe de vida laboral actualizado proporcionado pola Tesourería Xeral da Seguridade Social. Os servizos prestados que a xuízo do Tribunal non estean debidamente acreditados ou non teñan relación coas funcións propias do posto de traballo obxecto da presente convocatoria non serán puntuados.

b) Formación profesional: Máximo 1,25 puntos.

Valoraranse os cursos de formación e perfeccionamento, expedidos ou homologados por organismos oficiais, directamente relacionados coas funcións propias do posto convocado, acreditados con certificación ou diploma, coa seguinte puntuación:

. De menos de dez horas lectivas: non se puntúan

. De 10 a 19 horas lectivas: 0,10 puntos.

. De 20 a 49 horas lectivas: 0,20

. De 50 a 99 horas lectivas: 0,30

. De 100 ou máis de horas lectivas: 0,50 puntos.

Para acreditar os méritos sinalados neste apartado haberá de achegarse copia compulsada dos cursos acreditados.

c) Colectivos con dificultades de integración laboral. Máximo 1,25 puntos. Se primará favorecer aos colectivos con dificultades de integración laboral tales como:

-mulleres: 0,25 puntos.

-maiores de 45 anos (incluídos os de 45 anos): 0,25 puntos.

-parados de longa duración: 0,25 puntos. Considérase parado de longa duración estar inscrito ininterrompidamente na oficina de emprego como demandante de emprego durante 12 ou máis meses.

-persoas con discapacidade: 0,25 puntos.

-persoas vítimas de violencia de xénero: 0,25 puntos.

9. RELACIÓN DE APROBADOS. O Tribunal publicará no taboleiro de anuncios do concello e na sede electrónica [www.concellobaleira.sedelectronica.gal](http://www.concellobaleira.sedelectronica.gal) a puntuación total do proceso selectivo. En caso de empate nas puntuacións resolverase a favor do aspirante que obtivese a puntuación máis alta no exercicio da oposición e, de persistir o empate, pola puntuación obtida no apartado de experiencia profesional. Se aínda así persistise, segundo puntuación obtida no apartado de colectivos desfavorecidos. Finalmente de persistir resolverase por sorteo público.

Finalizado o proceso de selección elevarase ao órgano competente proposta dos candidatos para a formalización dos correspondentes contratos laborais. O tribunal non poderá declarar que superaron as probas selectivas un número superior de aspirantes ao de postos que se convocan. Non obstante o anterior, e co fin de asegurar a cobertura dos mesmos cando se produzan renuncias, baixas ou substitucións dos aspirantes seleccionados ou calquera outra circunstancia, o tribunal elaborará unha lista de agarda dos/as aspirantes que habendo superado todas as probas sigan aos propostos, por orde de puntuación, para a súa posible contratación.

10. PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS. Os/as candidatos/as propostos para seren contratados deberán achegar no prazo máximo de tres (3) días hábiles, a seguinte documentación, agás que xa a presentaran anteriormente xunto coa instancia de participación:

1) Certificación ou informe médico actualizado na que se faga constar expresamente que a/o aspirante reúne a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais do posto á que se aspira, e no que se fará constar que non se padece enfermidade ou limitación física ou psíquica incompatible coas funcións do posto. O certificado non poderá ter unha antigüidade superior ós tres meses.

2) Copia compulsada da tarxeta da Seguridade Social.

3) Documentación acreditativa de ter a condición de desempregado/a.

4) Documentación acreditativa da titulación esixida.

A non presentación dentro do prazo fixado da documentación esixida nesta base, e agás nos casos de forza maior, ou cando do exame da mesma se deduza que carecen dalgún dos requisitos sinalados na base 4ª, non poderán ser contratados sen prexuízo da responsabilidade en que incorreran por falsidade na solicitude de participación. Neste caso se procederá a notificar ao candidato que obtivese a seguinte maior puntuación para que aporte a referida documentación, procedéndose do mesmo xeito que no suposto anterior.

11. FORMALIZACIÓN DOS CONTRATOS DE TRABALLO. Rematado o proceso selectivo e presentada a documentación polos interesados, o Sr. Alcalde resolverá o proceso e se formalizará o correspondente contrato de traballo de duración determinada e a xornada completa. Tendo en conta o disposto nas bases reguladoras do Plan Único Provincial de Cooperación cos Concellos 2021, que financia o programa, o prazo de remate dos contratos terá como data límite o 31 de outubro do 2022.

12.- RECURSOS. Contra a resolución pola que se aproba a convocatoria e as presentes bases, definitiva en vía administrativa, poderán as persoas interesadas interpoñer potestativamente recurso de reposición ante a Xunta de Goberno no prazo dun mes contado a partir do día seguinte da súa publicación ou ben interpor recurso contencioso administrativo ante o correspondente Xulgado do Contencioso Administrativo no prazo de dous meses na forma prevista na lexislación reguladora da dita xurisdición, sen prexuízo de que poidan interpoñer calquera outro que estimen procedente.

13.- DATOS DE CARÁCTER PERSOAL. Os/as interesados/as autorizan ao Concello de Baleira á publicación no taboleiro de edictos e na sede electrónica do Concello dos datos persoais que consten no expediente da selección e que sexa necesario publicalos de conformidade con estas bases. A presentación da documentación requirida para participar no proceso de selección presumirá o consentimento para publicar a información nos termos indicados.

#### ANEXO I.-TEMARIO

Tema 1.- A Constitución Española.

Tema 2.- Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas. O Procedemento Administrativo, o acto Administrativo. Revisión dos actos administrativos. Os Recursos Administrativos.

Tema 3.- Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local. Réxime e organización dos municipios.

Tema 4.- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. Recursos dos municipios.

Tema 5.- Concello de Baleira: Encadre Territorial, poboación, parroquias e aldeas, vías de titularidade municipal, autonómica e local.

ANEXO I a).-MODELO DE INSTANCIA PARA PARTICIPAR NO PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN, CONVOCADO POLO CONCELLO DE BALEIRA (LUGO) PARA A PROVISIÓN DUN POSTO DE TRABALLO DE **AUXILIAR ADMINISTRATIVO** POR UN PERÍODO DE CATRO MESES, EN RÉXIME DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL, MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN Ó ABEIRO DO PROGRAMA DE FOMENTO DO EMPREGO, FINANCIADO POLA DEPUTACIÓN DE LUGO Ó ABEIRO DO PLAN UNICO PROVINCIAL DE COOPERACION COS CONCELLOS 2021.

D/a.....  
provisto/a de D.N.I. nº.....  
con enderezo na R/.....nº.....piso.....  
C.Postal.....Localidade.....  
Municipio.....Provincia.....Teléfono.....  
correo electrónico.....

Tendo coñecemento da convocatoria pública realizada polo concello de Baleira para a contratación laboral temporal (contrato laboral temporal eventual por circunstancias da produción), a xornada completa, do posto sinalado,

DECLARO:

- Que coñezo e acepto na súa integridade as bases que rexen a convocatoria e que reúno tódalas condicións esixidas polas mesmas para participar neste proceso selectivo.
- Que non estou afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade e incapacidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades e incapacidade do persoal ó servizo das administracións públicas, que non padezo enfermidade ou defecto físico/psíquico, que me impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes ó posto ó que opto e que non estou separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estou inhabilitado para o exercicio das funcións públicas; -no caso de ser nacional doutro Estado-, non estou inhabilitado ou en situación equivalente, nin estou sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que me impida, no meu Estado, nos mesmos termos, o acceso ó emprego público.
- Que autorizo ao concello de Baleira para a publicación dos meus datos persoais (nome, apelidos e D.N.I.) e das posibles causas de exclusión, no taboleiro de anuncios do concello, sede electrónica e calquera outro medio que se estime, ao ser a publicidade un dos principios legais que debe observarse nos procedementos de selección.

SOLICITO:

Ser admitido/a a participar no referido procedemento comprometéndome a someterme ás bases que o regulan, presentando a documentación que de seguido se indica :

- . DNI, pasaporte ou tarxeta de residencia vixentes
- . Documentos xustificativos dos méritos alegados segundo o establecido na base 8ª.
- . Titulación esixida nas presentes bases para o posto de auxiliar administrativo/a.
- . Acreditación do coñecemento do idioma galego.

....., ..... de.....de .....

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE BALEIRA

No anverso deste modelo, inclúese a información sobre protección de datos de carácter persoal incluída no ANEXO I d).

## ANEXO I e). INFORMACIÓN SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.

Tratamiento	PROVISIÓN DE PUESTOS DE TRABAJO
Responsable de tratamiento	Concello de Baleira, Avda. Doctor Escobar, s/n, Baleira. correo electrónico: info@concellobaleira.es; teléfono: 982354059.
Datos Delegado de Protección de Datos	Nombre del Delegado de Protección de Datos: Computer-3, S.L.U. Correo electrónico: dpd@computer-3.com; teléfono: 982 28 40 50
Finalidad y plazos de conservación	Gestión y tramitación de las convocatorias públicas de selección de personal para los puestos de trabajo vacantes en la organización del Concello. Gestión de las pruebas de selección y valoración de méritos aportados, publicidad y transparencia del proceso selectivo.  Los datos proporcionados se conservarán durante el tiempo necesario para cumplir con la finalidad para la que fueron recabados y para determinar posibles responsabilidades que se pudieran derivar de dicha finalidad y/o tratamiento de datos. Será de aplicación lo dispuesto en la normativa de archivo y documentación en el sector público. Sus datos no serán utilizados para elaborar decisiones automatizadas.
Legitimación del tratamiento	La base legal para el tratamiento de sus datos es el cumplimiento de una obligación legal regulada en la Ley 30/1984, de 2 de agosto, de medidas para la reforma de la Función Pública, en el R.D.L. 5/2015, de 30 de octubre, por el que se aprueba la Ley del Estatuto Básico del Empleado Público.
Destinatarios de los datos	Sus datos personales serán cedidos a: la Dirección General de la Función Pública, a la administración pública con competencia en la materia, al Boletín Oficial del Estado, al Diario Oficial de Galicia y al Boletín Oficial de la Provincia. No está previsto realizar transferencias internacionales a terceros países de sus datos.
Derechos de las personas interesadas	<u>Dcho. de acceso</u> : pedir información los datos personales que dispongamos acerca de usted. <u>Dcho. de rectificación</u> : comunicar cualquier cambio en sus datos personales. <u>Dcho. de limitación al tratamiento</u> : en algunos casos, solicitar la restricción del tratamiento de sus datos.  Para más información de cómo poder ejercitar sus derechos diríjase al Registro de Entrada del Concello de Baleira, sito en la dirección arriba indicada, o puede llevar a cabo dicha acción a través de los formularios que la entidad pone a su disposición en la sede electrónica del Concello: <a href="https://concellobaleira.sedelectronica.gal/info.0">https://concellobaleira.sedelectronica.gal/info.0</a> .  Si considera que alguno de los derechos anteriormente mencionados no ha sido respetado, Usted tendrá derecho a presentar una reclamación ante la Agencia Española de Protección de Datos. ( <a href="https://www.agpd.es/portalwebAGPD/index-ides-idphp.php">https://www.agpd.es/portalwebAGPD/index-ides-idphp.php</a> ).

Baleira, 5 de maio de 2022.- O Alcalde, Angel Enrique Martinez-Puga López.

R. 1150

BEGONTE

*Anuncio***CONVOCATORIA PÚBLICA PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL:****PROGRAMA FOMENTO DE EMPREGO 2022**

Por Resolución desta Alcaldía de data 9 de maio de 2022, aprobáronse as bases que rexerán a selección en réxime laboral temporal, polo prazo de seis (6) meses e unha xornada do 100 % - mediante concurso - oposición, de 6 postos de Peón de Obra Pública para a Brigada Municipal de Obras e Servizos, ao abeiro do Programa de Fomento de Emprego do Plan Provincial de Cooperación cos Concellos de 2022 (Financiado pola Deputación Provincial de Lugo).

As ditas bases están a disposición dos interesados na páxina web do Concello ([www.concellodebegonte.es](http://www.concellodebegonte.es)) e no Taboleiro municipal de anuncios, sendo o prazo de presentación de solicitudes de 5 días naturais por razón de urxencia, a contar desde a publicación deste anuncio no "Boletín Oficial da Provincia".

Begonte, 9 de maio de 2.022.- O Alcalde, José Ulla Rocha.

R. 1166

### *Anuncio*

Aprobado polo Pleno desta Corporación, na sesión extraordinaria celebrada o día 10 de maio de 2022, o expediente de modificación de créditos núm. 5 /2022, ( 2º de competencia do Pleno) , dentro do vixente Presuposto municipal e con modificación do anexo de investimentos, por un importe total de Oitenta e sete mil setecentos oitenta e tres con corenta e nove (87.783.49) euros , en cumprimento do disposto no artigo 117.2 en relación co 169 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, expónse ao público polo prazo de quince días hábiles, na Secretaría deste Concello, a fin de que durante o mesmo, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, as que deberán ser dirixidas ao Sr. Alcalde- Presidente deste Concello.

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos.

Begonte, 10 de maio de 2022O.- O Alcalde, José Ulla Rocha.

R. 1186

### *Anuncio*

Aprobado inicialmente polo Pleno desta Corporación, na sesión extraordinaria celebrada o día 10 de maio de 2022, o expediente de modificación da plantilla ou cadro de persoal, con motivo do proceso de estabilización do emprego temporal, dentro do vixente Presuposto municipal, en cumprimento do disposto no artigo 169 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, expónse ao público polo prazo de quince días hábiles, na Secretaría deste Concello, a fin de que durante o mesmo, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O citado acordo de aprobación inicial quedará elevado a definitivo no suposto da non presentación de reclamacións dentro do prazo de exposición ao público.

Begonte, 10 de maio de 2022O.- O Alcalde, José Ulla Rocha.

R. 1187

## CASTROVERDE

### *Anuncio*

Que na Xunta de Goberno Local que tivo lugar o día 27 de Abril de 2022, prestouse aprobación inicial aos seguintes padróns, correspondentes ao primeiro trimestre do ano 2022:

- Padrón da taxa polo abastecemento de auga a domicilio, no que se inclúe o canon da auga (1º trimestre do ano 2022).
- Padrón da taxa por recollida de lixo.
- Padrón de sumidoiros.

Expóñense ao público polo prazo de 15 días hábiles contados dende o seguinte ao da publicación deste edicto no BOP de Lugo.

Recursos: Contra o acordo de aprobación dos padróns de: abastecemento de auga, recollida de lixo, rede de sumidoiros, e servizo de axuda no fogar, poderá interporse recurso de reposición.

Prazo de presentación do recurso: Un mes contado dende o día seguinte ao da finalización do período de exposición ao público dos padróns.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, que no seu caso se formule, poderá interperse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establezan na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia, no prazo de un mes dende que se entende producida a notificación.

#### ANUNCIO DE COBRANZA

Para o cobro dos mesmos, os recibos seranlles cargados nas contas bancarias respectivas, e fíxase como período de cobro voluntario o prazo de dous meses, dende o día 10 de Maio de 2022 ata o 10 de Xullo de 2022. Finalizado o prazo pasarase o seu cobro pola vía de constrinximento, cos recargos previstos no artigo 28 de Lei 58/2003 de 17 de decembro, Facenda Pública, Lei Xeral Tributaria, a través do Servizo Provincial de Recadación da Excm. Deputación Provincial de Lugo.

No tocante ao canon da auga, a falta de pago no período voluntario suporá a súa esixencia directamente pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

Castroverde, 6 de Maio de 2022.- O alcalde, Xosé María Arias Fernández.

R. 1151

---

### O CORGO

#### *Anuncio*

O Pleno do Concello, en sesión celebrada o día 19 de novembro de 2021, aprobou inicialmente a modificación do Regulamento de Réxime Interno do Punto de Atención á Infancia (PAI) do Corgo, deixando sen efecto o prezo público que figuraba como anexo ao mesmo co obxecto de establecer a gratuidade para todos os matriculados a partir do curso 2022-2023.

De conformidade co establecido no art. 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e no art. 17 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o Concello expón ó público o citado regulamento, durante un prazo de 30 días, para que os interesados poidan examinalo e presentar as reclamacións e suxerencias que estimen oportunas.

O devandito prazo contarase a partir do día da súa publicación no BOP.

O Corgo, 5 de maio de 2022.- O ALCALDE, Felipe Labrada Reija.

R. 1152

---

### FOLGOSO DO COUREL

#### *Anuncio*

O Pleno desta Corporación, en sesión extraordinaria celebrada o día 5/05/2022, acordou a aprobación inicial do expediente de modificación do Anexo de Subvencións do Orzamento Municipal vixente, o que se publica aos efectos do artigo 169.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, para que durante o prazo de quince días hábiles os interesados poidan examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun mes para resolvelas.

Folgoso do Courel, 6 de maio de 2022.- A Alcaldesa, Dolores Castro Ochoa.

R. 1153

---

#### *Anuncio*

O Pleno desta Corporación, en sesión extraordinaria celebrada o día 5/05/2022, acordou a aprobación inicial do expediente de modificación de créditos mediante a modalidade de crédito extraordinario (MC 6/2022 CE 1/2022) por importe de 1.600,00 euros, o que se publica aos efectos dos artigos 177.2 e 169.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, para que durante o prazo de quince días hábiles os interesados poidan examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun mes para resolvelas.

Folgozo do Courel, 6 de maio de 2022.- A Alcaldesa, Dolores Castro Ochoa.

R. 1154

### Anuncio

O Pleno desta Corporación, en sesión extraordinaria celebrada o día 5/05/2022, acordou a aprobación inicial do expediente de modificación de créditos mediante a modalidade de suplemento de crédito (MC 5/2022 SC 1/2022) por importe de 58.364,34 euros, o que se publica aos efectos dos artigos 177.2 e 169.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, para que durante o prazo de quince días hábiles os interesados poidan examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun mes para resolvelas.

Folgozo do Courel, 6 de maio de 2022.- A Alcaldesa, Dolores Castro Ochoa.

R. 1155

### FRIOL

#### Anuncio

No Boletín Oficial da Provincia de Lugo número 101 de data 4 de maio do actual publicouse anuncio do Concello de Friol, referido ao expediente de investigación en relación co dominio ou uso público da parcela número 27020A161000790000YS.

Advertido que non se sinala no anuncio a ubicación da mesma, faise constar no que se refire a súa ubicación, que se omitiu no anuncio, trátase de parcela na parroquia de Roimil, no lugar de Campo da Feira.

O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos oportunos.

Friol, 5 de maio de 2022.- O Alcalde, José Angel Santos Sánchez.

R. 1156

#### Anuncio

Ao quedar definitivamente aprobado polo Pleno desta Corporación o expediente de modificación de créditos número 2/2022, (primeiro de competencia do Pleno), para transferencias de crédito e maiores ingresos sobre os inicialmente previstos, dentro do vixente Orzamento municipal, polo acordo adoptado en sesión ordinaria celebrada o día trinta e un de marzo de dous mil vinte e dous, por un importe total de CENTO CORENTA E TRES MIL CATROCENTOS NOVENTA EUROS CON CINCUENTA E CATRO CÉNTIMOS DE EURO (143.490,54 €); de acordo co preceptuado e en cumprimento co disposto no artigo 177.2 en relación co 169.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, faise público que, despois de dito expediente, o resumo por capítulos do Estado de Gastos, do referido Orzamento, queda da seguinte forma:

<u>CAPÍTULOS</u>	<u>IMPORTES</u>
1.- Gastos de persoal.....	1.276.285,68.-
2.- Gastos correntes en bens e servizos .....	1.670.677,33.-
3.- Gastos financeiros.....	5.700,00.-
4.- Transferencias correntes.....	156.147,18.-
6.- Inversións reais.....	1.103.839,90.-
7.- Transferencias de capital.....	293.577,93.-
8.- Activos financeiros.....	0,00.-
9.- Pasivos financeiros.....	0,00.-
SUMA TOTAL.....	4.506.228,02.-

Na mesma sesión plenaria, acordouse a modificación do Anexo de Inversións.

Modifícase o Anexo da Base 13ª das Bases de Execución do vixente Orzamento, donde figura a relación das subvencións nominativas, engadindo as seguintes:



1. Club Atletismo Friol, NIF G27450824, ampliación dotación, 1.281,50 €
2. Universi. de Santiago de Compostela, NIF Q1518001A, dotación, 300,00 €

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos.

Friol, 3 de maio de 2022.-O Alcalde, José Ángel Santos Sánchez.

R. 1167

## MONDOÑEDO

### Anuncio

#### ANUNCIO DO CAMBIO DE USO DOS TERREOS RESERVADOS PARA EQUIPAMENTOS OU DOTACIÓNS PÚBLICAS DEPORTIVAS POR EQUIPAMENTOS SOCIAIS.

O Pleno da Corporación, por maioría absoluta do número legal de membros, en sesión extraordinaria e urxente realizada con data 06.05.2022, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

**“PRIMEIRO.-** Aprobado o cambio de uso da parcela que deseguido se relaciona:

REFERENCIA CATASTRAL	3518101PJ3131N0001LH	
SUPERFICIE DA PARCELA	1.407 m <sup>2</sup>	
LINDEIROS	Norte, Vial principal parque empresarial; Sur, Dominio Público Ministerio de Fomento; Leste, Parcela para equipamento social e Oeste, Zona verde, pase de uso deportivo a uso social	
SITUACIÓN	Parque Empresarial de Mondoñedo	
USO PERMITIDO	ORDENANZA	PROPOSTA
	Equipamento deportivo (ED)	Equipamento social (ES)

**SEGUNDO.-** Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da provincia e no Diario Oficial de Galicia.

**TERCEIRO.-** Comunicar o acordo, en virtude do artigo 88 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do chan de Galicia, á consellería competente en materia de urbanismo, para a súa inscrición no Rexistro de Plans Urbanísticos de Galicia.

**CUARTO.-** Comunicar ao Catastro e ao Rexistro da Propiedade as modificacións efectuadas.

**QUINTO.-** Dar traslado do presente acordo á Dirección Xeral de Defensa do Monte da Consellería do Medio Rural para o seu coñecemento xeral e aos efectos oportunos”

Mondoñedo, 9 de maio de 2022.- O Alcalde, Manuel Ángel Otero Legide.

R. 1168

### Anuncio

#### ANUNCIO CESIÓN DE USO GRATUÍTA DE DÚAS PARCELAS DO PARQUE EMPRESARIAL DE MONDOÑEDO Á Dirección Xeral de Defensa do Monte da Consellería do Medio Rural, PARA INSTALAR UNHA base de unidades operativas de brigadas de incendios e dos servizos de defensa do monte.

O Pleno da Corporación, por maioría absoluta do número legal de membros, en sesión extraordinaria e urxente realizada con data 06.05.2022, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

**“PRIMEIRO.-** Aprobado inicialmente a cesión gratuítada de uso de dúas parcelas do Polígono Industrial de Mondoñedo, á Dirección Xeral de Defensa do Monte da Consellería do Medio Rural, cos condicionantes que a continuación se especifican:

A) Parcelas obxecto da cesión:

- Parcela destinada a equipamento social, con referencia catastral núm. 3518101PJ3131N0001LH, cunha superficie de 1.407 m<sup>2</sup>, cuxos lindes son:

- Norte: Vial principal parque empresarial.
- Sur: Dominio Público Ministerio de Fomento.

- *Leste: Parcela para equipamento social.*
- *Oeste: Zona verde.*
- *Parcela destinada a equipamento social, con referencia catastral núm. 3518102PJ3131N0001TH, cunha superficie de 703 m<sup>2</sup>, cuxos lindes son:*
- *Norte: Vial principal parque empresarial.*
- *Sur: Dominio Público Ministerio de Fomento*
- *Leste: Parcela S-1.*
- *Oeste: Parcela para equipamento deportivo.*

*B) Prazo da cesión: 50 anos.*

*C) Finalidade da cesión: Instalación da nova base de unidades operativas de brigadas de incendios e dos servizos de defensa do monte. Non poderá destinarse o uso a outros fins alleos ou non relacionados cos fins previstos no presente acordo.*

*D) Financiación: A presente cesión artículase como gratuíta, sen que supoña custos a sufragar polas partes intervinientes a favor da outra parte. Non obstante o anterior, a Administración autonómica responsabilizarase dos gastos de conservación e mantemento, así como posibles gastos de investimento derivados de inxerencias nos bens inmoebles para garantir o cumprimento do fin ao que deben ser destinados durante o prazo de vixencia do presente acordo.*

*E) Extinción e reversión dos bens: Transcorrido o prazo da cesión ou extinguida esta, os bens reverterán ao Concello con todos os seus compoñentes e accesorios, sen que o cesionario poida solicitar compensación económica ou indemnización, quedando expedita a posibilidade de utilización do desafuzamento administrativo se fose necesario.*

*D) Condicións específicas:*

- *O Concello non se fai responsable das actividades a realizar nas parcelas obxecto da cesión, nin dos danos materiais ou persoais que puidesen producirse nelas como consecuencia do desenvolvemento da actividade polo cesionario.*
- *Corresponde ao cesionario manter o bo estado das parcelas, así como a súa limpeza e hixiene.*
- *O cesionario non poderá realizar obras nin reformas sen autorización expresa do Concello.*

**SEGUNDO.-** *Someter o acordo que se adopte a exposición pública, mediante anuncio que se inserirá no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de edictos deste Concello e na súa sede electrónica, ao obxecto de que os interesados poidan presentar reclamacións e/ou alegacións durante un prazo de 15 días hábiles.*

**TERCEIRO.-** *As reclamacións e/ou alegacións presentadas serán resoltas polo Concello Pleno, previo ditame da Comisión Informativa. En caso de non presentarse reclamacións o acordo inicial será elevado automaticamente a definitivo, quedando o Alcalde – Presidente do Concello de Mondoñedo facultado para subscribir cuantos documentos precise a formalización da cesión gratuíta, dando conta ao Concello Pleno na seguinte sesión plenaria.*

**CUARTO.-** *Dar traslado do presente acordo á Dirección Xeral de Defensa do Monte da Consellería do Medio Rural para o seu coñecemento xeral e aos efectos oportunos”*

Mondoñedo, 9 de maio de 2022.- O Alcalde, Manuel Ángel Otero Legide.

R. 1169

### Anuncio

O 10 de maio de 2022 ditouse Resolución de Alcaldía núm. 2022-0102, que literalmente di:

#### “RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

#### **CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS DO PROCESO DE SELECCIÓN DE DOUS EMPREGOS DE CARÁCTER LABORAL TEMPORAL DE AUXILIAR DE POLICÍA LOCAL PARA O CONCELLO DE MONDOÑEDO, POR TRAMITACIÓN DE URXENCIA**

Vista a providencia do alcalde-presidente pola que se incoa expediente para a contratación de dous Auxiliares de Policía Local, que realizarán as funcións de apoio e auxilio aos membros do corpo da Policía Local deste Concello.

Vista a memoria da Alcaldía que xustifica a necesidade inaprazable, urxencia, excepcionalidade e prioridade de realizar un proceso selectivo de dous Auxiliares de Policía Local, fundamentada no artigo 95 da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais, que sinala que nos concellos con aumento notorio de poboación en

determinadas tempadas, especialmente no verán, poderán incrementar transitoriamente o seu cadro de persoal mediante a contratación de persoal con funcións de auxiliar de policía, todo elo co fin de garantir a prestación do servizo en condicións de idoneidade, para atender convenientemente o notorio incremento de poboación e conseguindo tráfico rodado durante a época estival que se produce neste Concello, e cubrir as necesidades de salvagarda dos bens e das persoas ao longo dos meses de contrato xa que a segunda fin de semana de agosto, celébrase o Mercado Medieval de Mondoñedo, que congrega a miles de visitantes e turistas nun ano sen pandemia, e neste ano, non se sabe todavía, se as circunstancias sanitarias, permitirán a súa celebración. Por outra banda, en torno ao 18 de outubro, festividade local, e día principal, celébranse as Feiras e Festas de As San Lucas, declaradas de interese autonómico sendo das máis antigas de Europa e cun gran poder de convocatoria de público que se celebran ininterrompidamente desde o 1156, polo que neste ano cúmprese a súa 865 edición, se as condicións sanitarias o permiten (no pasado ano 2021 celebráronse, respectando as medidas establecidas polas autoridades sanitarias). Por último debe destacarse tamén a gran afluencia de cidadáns e visitantes aos dous cemiterios da localidade o día 1 de novembro, coincidindo coa Festividade do día de todos os Santos.

Visto o informe emitido pola Dirección Xeral de Emerxencias e Interior con entrada no Concello con R.X. nº 2022-E-RC-1169 en data 29 de abril de 2022 sobre un borrador de bases remitido, no que se considera que en xeral a convocatoria e as bases do proceso selectivo son acordes coa Lei de Coordinación de Policía Local de Galicia (Lei 4/2007, do 20 de abril, e a súa normativa de desenvolvemento).

Vista a Lexislación en materia de selección de persoal comprendida na Lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policía local, no Decreto 243/2008, de 16 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policía local, na Orde de 28 de xaneiro de 2009 pola que se determinan as probas de selección, temarios e baremos de méritos para o ingreso, promoción interna e mobilidade nos Corpos de Policía Local, para a integración dos vixiantes e auxiliares de policía ou interinos, para o acceso como vixiantes municipais e a contratación de auxiliares de policía de tempada, Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local, Lei 5/1997, do 22 de xuño, de Administración Local de Galicia, Real decreto 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do empregado público, o Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da administración xeral do estado e provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios da administración xeral do estado, así como demais normativa de aplicación e demais disposicións aplicables.

Visto o establecido no artigo 33 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, cando razóns de interese público o aconsellen, poderase acordar de oficio a aplicación ao procedemento da tramitación de urxencia, o que supón reducir a metade os prazos establecidos no procedemento ordinario, salvo os relativos a presentación de solicitudes e recursos. Ademais, este artigo precisa que non caberá recurso algún contra o acordo que declare a aplicación da tramitación de urxencia ao procedemento, sen prexuízo do procedente contra a resolución que poña fin o procedemento.

De acordo coas características propias dos postos a contratar, descritas con anterioridade, e a súa necesidade de rematar a selección a maior brevidade posible para a súa contratación para a tempada de verán, habida conta que o curso de formación para Auxiliares de Policía Local que se celebra anualmente na Academia Galega de Seguridade, celébrase a finais do mes de maio, ou principios do mes de xuño, según informan os técnicos da devandita academia, polo que hai que remitir os/as candidatos/as para a súa realización o antes posible.

Según o artigo 47 do Decreto 243/2008, do 16 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía local, di que a convocatoria publicarase no taboleiro de anuncios do concello e nun dos diarios de maior tirada de Galicia.

Debido á necesidade de realizar estas contratacións e ante a imposibilidade de convocar unha Xunta de Goberno Local, nas facultades conferidas pola lexislación vixente, esta Alcaldía,

#### **RESOLVE:**

**Primeiro.-** Avogar a competencia precisa, de forma puntual, co único obxecto de prestar aprobación para realizar unha convocatoria para a selección e posterior contratación de dous empregos de AUXILIAR DE POLICÍA LOCAL, mediante dúas contratacións de carácter laboral temporal a tempo completo, por período inicial de 4 meses, prorrogable ata un máximo de 6 meses.

**Segundo.-** Declarar a urxencia na tramitación do proceso selectivo polos motivos expostos, reducindo a 5 días hábiles os prazos, salvo os relativos a presentación de solicitudes e recursos.

**Terceiro.-** Aprobar as bases que rexerán esta convocatoria e que se xuntan ao presente.

**Cuarto.-** Darlle publicidade a esta convocatoria a través da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, no diario El Progreso, no taboleiro de anuncios do concello, e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello (<https://mondonedo.sedelectronica.gal>).

**Quinto.-** Dar conta da presente Resolución á Xunta de Goberno para a súa ratificación así como ao Pleno na vindeira sesión que se celebre.

Mondoñedo, 10 de maio de 2022.- O alcalde, Manuel Ángel Otero Legide, Ante min, A secretaria-interventora, Ruth López-Mosquera García.

**BASES REGULADORAS DO PROCESO DE SELECCIÓN DE DOUS EMPREGOS DE CARÁCTER LABORAL TEMPORAL DE AUXILIAR DE POLICÍA LOCAL PARA O CONCELLO DE MONDOÑEDO****PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.**

O obxecto da convocatoria é a selección e posterior contratación laboral temporal de dous auxiliares de policía local, que realizarán as funcións de apoio e auxilio aos membros do corpo da Policía Local deste Concello no marco do disposto na lexislación de corpos e forzas de seguridade.

**SEGUNDA.- CONDICIÓNS DO CONTRATO DE TRABALLO.**

Os servizos prestaranse en réxime laboral temporal a xornada completa, e a duración dos contratos de traballo será de 4 meses de duración (os cales poderán ser prorrogados ata seis meses de acordo co establecido no artigo 95.7 da Lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policía locais).

O contrato de traballo terá un período de proba de 15 días, durante o cal sen previo aviso poderase extinguir por ámbalas partes.

**TERCEIRA.- RETRIBUCIÓNS E XORNADA.**

A retribución será a aprobada para o posto de Auxiliar de Policía Local según a RPT aprobada polo pleno da corporación do 26 de agosto de 2016 e publicada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo núm. 238 do 17 de outubro de 2016, isto é, salario de grupo C2, Complemento de Destino nivel 16 e Complemento Específico de 200,00 €. A xornada será de luns a domingo cos descansos semanais establecidos por lei. As quendas estableceranse de acordo o que establece a xefatura do corpo.

**CUARTA.- SISTEMA SELECTIVO.**

O sistema selectivo escollido é de oposición libre.

**QUINTA.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES.**

Para tomar parte na selección será preciso cumprir os requisitos seguintes na data de remate do prazo concedido para a presentación de instancias:

- a) Posuír a nacionalidade española ou atoparse comprendido no eido de aplicación do art. 57 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
- b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.
- c) Ter mais de dezaioito anos de idade na data que finalice o prazo de presentación de solicitudes.
- d) Non haber sido condenado/a por delito doloso, nin estar inhabilitado/a para o exercicio das funcións públicas, nin separado/a do servizo das administracións públicas por expediente disciplinario ou rexelatinización xudicial. Será aplicable, non obstante, o beneficio de rehabilitación, segundo as normas penais e administrativas, que o aspirante deberá acreditar mediante o correspondente documento oficial.
- e) Non estar comprendido en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinados na lexislación vixente.
- f) Posuír a certificación de ter superado a educación secundaria obrigatoria, título de graduado escolar, ou equivalente, ou estar en condicións de obter os citados certificados ou títulos na data na que remate o prazo de presentación de instancias.
- g) Posuír unha estatura mínima de 1,65 m para os homes e 1,60 para as mulleres.

**SEXTA.- PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS.**

As instancias solicitando tomar parte do proceso selectivo, no que os aspirantes deberán manifestar todas e cada unha das condicións esixidas para tomar parte da convocatoria (relacionadas na base quinta), segundo o modelo Anexo I, dirixiranse ó Sr. Alcalde do Concello de Mondoñedo de luns a venres en horario de 9:00 á 14:00 horas, durante o prazo de 10 días hábiles dende o día seguinte a publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. Tamén se publicarán as bases no diario El Progreso, taboleiro do Concello (sen prexuízo da súa publicación no taboleiro de anuncios da sede electrónica <https://mondonedo.sedelectronica.gal> de forma complementaria).

As instancias tamén poderán presentarse nas demais formas que determine o artigo 16.4 da Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Achegarase coa instancia, a seguinte documentación:

- Fotocopia compulsada do D.N.I. vixente.
- Documento acreditativo, compulsado, da titulación requirida na convocatoria.
- Fotocopia compulsada do Celga 3 ou titulación equivalente homologada.

- Certificado médico acreditativo de non padecer enfermidade ou defecto físico que impida exercer-la función propia a desenvolver de Auxiliar de Policía Local ou calquera das probas físicas obxecto destas bases.

A consignación de datos falsos na solicitude ou na documentación aportada polos/as aspirantes conlevará a anulación da solicitude, sen prexuízo das demais medidas legais que correspondan.

Rematado o prazo para presentar as instancias, a Alcaldía ditará resolución comprensiva que conterá:

- a lista provisional de admitidas/os e excluídas/os coa especificación do motivo de exclusión.
- a designación do tribunal cualificador e a data da súa constitución.
- a data, hora e lugar en que se constituirá o tribunal e a data de realización do primeiro exercicio, sendo os sucesivos sinalados polo tribunal observando as disposicións ao respecto contidas na normativa de aplicación, en particular no decreto 243/2008, do 16 de outubro, de desenvolvemento da Lei 4/2007. Igualmente incluírá a composición do tribunal a efectos de posibilita-la recusación dos seus membros, o que se realizará no mesmo prazo de subsanación.

Esta resolución publicarase de xeito íntegro no taboleiro de anuncios do Concello.

Durante os cinco días hábiles seguintes á publicación da lista provisional de admitidos e excluídos, unicamente os/as excluídos/as poderán solicitar reclamacións á lista provisional. Quen non presentara a reclamación no prazo indicado, decaerá do seu dereito sendo excluído definitivamente da lista de aspirantes.

No caso de non haber excluídos, a lista provisional elevarase a definitiva automaticamente.

As reclamación formuladas en prazo serán aceptadas ou rexeitadas mediante Resolución pública de Alcaldía, no taboleiro de anuncios, aprobando a lista definitiva de admitidos e excluídos.

Porén, se en calquera momento posterior á aprobación da lista definitiva, se advertise nas solicitudes inexactitude ou falsidade que fora causa de exclusión, esta considerarase defecto insubsanable e a alcaldía resolverá a dita exclusión.

O feito de figurar na relación de admitidos non prexulga que se lle recoñeza aos interesados a posesión dos requisitos esixidos no proceso selectivo convocado, os cales deberán ser xustificados documentalmente no suposto de que os aspirantes superen a proba selectiva.

#### **SÉTIMA.- TRIBUNAL CALIFICADOR.**

Os membros do tribunal serán designados pola Alcaldía de acordo coa normativa de aplicación, en especial no disposto no artigo 60 do TREBEP, e co previsto no artigo 34 da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de Policía Local de Galicia. O tribunal que xulgará as probas terá por obxecto garantir e supervisar o correcto desenvolvemento do proceso en tódalas súas fases. Estará composto por cinco membros con voz e voto. Podendo constituírse coa asistencia de tres dos seus membros titulares ou suplentes.

A composición do tribunal será predominantemente técnica e os seus membros deberá posuír titulación ou especialización igual ou superior á esixida para o acceso á praza convocada.

O Tribunal poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos de asesores especialistas, con voz e sen voto, limitándose os asesores a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas.

Os membros dos tribunais deberán absterse de intervir, comunicándolle á Alcaldía cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, así como cando realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas de acceso nos cinco anos inmediatamente anteriores á publicación desta convocatoria, consonte o disposto no artigo 13.2º do Real Decreto 634/1995, de 10 de marzo, do regulamente xeral de ingreso.

Así mesmo, os interesados poderán recusar ós membros do tribunal cando, ó seu xuízo, concorran neles algunha das circunstancias previstas no parágrafo anterior, conforme ó artigo 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

#### **OITAVA.- PROBAS SELECTIVAS E A SÚA CUALIFICACIÓN.**

De acordo co previsto no artigo 47 do Decreto 243/2008, do 16 de outubro, as probas para a selección de auxiliares contratados polos concellos, son as que se describen a continuación.

Os exercicios realizaranse a porta pechada, sen outra asistencia que a das persoas aspirantes, os membros do tribunal e as persoas designadas como asesores especialistas.

Durante o tempo fixado para a realización das probas non se poderá utilizar nin manipular de ningunha maneira aparatos de telefonía móbil, reloxis ou soportes con memoria; queda prohibido o acceso ao recinto con tales dispositivos e constitúe causa de inadmisión ao chamamento, a simple tenencia destes.

O chamamento para cada exercicio e/ou proba, será único, de maneira que as persoas aspirantes que non comparezan serán excluídas, salvo nos casos debidamente xustificadas que resolverá o tribunal.

Os/as candidatos/as deberán presentarse provistos/as do Documento Nacional de Identidade ou calquera outro documento legal que o substitúa que permita a identificación do candidato/a.

### A.1. Comprobación da estatura e probas de aptitude física.

- Comprobación da estatura.

Ó comezo realizarase o control da estatura dos/as aspirantes. Os mínimos son os que rexen para o ingreso nos corpos de policía local: 1,65 metros para os homes e 1,60 metros para as mulleres.

#### PROBAS FÍSICAS

As probas físicas cualificaranse de apto/non apto. Para obter a cualificación de apto os aspirantes deberán acadar as marcas mínimas ou non superar as máximas que se establecen para cada proba.

##### A.1.1. Potencia tren inferior: salto vertical.

Realizarase nun ximnasio ou lugar semellante con chan horizontal e cunha parede vertical e lisa.

O aspirante colocarse en posición de partida, en pé, de lado xunto a unha parede vertical, cun brazo totalmente estendido cara a arriba e sen levantar os calcañares do chan, e marcará coas dedas a altura que alcanza nesa posición. O exercicio executarase, separándose 20 centímetros da parede e saltando tan alto como poida, marcando novamente coas dedas o nivel alcanzado.

Para a correcta realización da proba deberanse observar as seguintes regras:

- Pódense mover os brazos e flexionar o tronco e os xeonllos, pero non se pode separar do chan ningunha parte dos pés antes de saltar.
- Hai que realizar o salto cos dous pés ao mesmo tempo.
- Permítese dous intentos, só aos aspirantes que fagan nulo no primeiro.

A distancia entre a marca feita desde a posición de partida e a acadada co salto deberá ser igual ou superior á mínima (en centímetros) establecida no seguinte cadro para cada sexo e grupo de idade.

	18 - 36 ANOS	37 - 48 ANOS	49 ANOS OU MÁIS
HOMES	41 cm	33 cm	29 cm
MULLERES	32 cm	28 cm	25 cm

##### A.1.2. Resistencia xeral: carreira de 1.000 metros lisos.

Realizarase en pista de atletismo ou en calquera zona totalmente chaira de terreo. O/a aspirante colocarse na pista no lugar indicado. A posición de saída realizarase en pé.

Só se permite un intento.

O/a aspirante que abandone a carreira quedará excluído.

A proba consistirá en correr a distancia de 1.000 metros no tempo máximo (en minutos) que se recolle na seguinte táboa para cada sexo e grupo de idade:

	18 - 36 ANOS	37 - 45 ANOS	46 ANOS OU MÁIS
HOMES	4´30´´	5´00´´	5´15´´
MULLERES	5´00´´	5´30´´	5´45´´

Para a realización das probas físicas os/as aspirantes deberán presentarse provistos de indumentaria deportiva.

### 2. Proba de coñecementos.

A proba de avaliación dos coñecementos dos/as aspirantes deberá amosar o dominio dos contidos do temario que se inclúe no anexo (B).

Consistirá na contestación por escrito dun cuestionario de 50 preguntas tipo test, con 4 alternativas de resposta cada unha, que serán propostas polo tribunal, e das que só unha será correcta.

Os/as aspirantes disporán dun tempo máximo dunha hora para a súa realización.

A proba cualificarase polo tribunal de cero a dez puntos, sendo preciso acadar cinco puntos como mínimo, para non quedar eliminado/a.

A cualificación farase atendendo a seguinte fórmula:  $N = (A - (F/3))/5$ .

Sendo N= nota final da proba; A= preguntas acertadas; F= preguntas erradas ou non respostadas.

Os/as candidatos/as deberán presentarse provistos/as do Documento Nacional de Identidade ou calquera outro documento legal que o substitúa que permita a identificación do candidato/a.

### 3. Coñecemento da lingua galega.

O tribunal valorará o nivel de coñecemento da lingua galega dos/as aspirantes, mediante unha proba a cal se cualificará como APTO ou non APTO.

Coa finalidade de cumprir co previsto no artigo 35 do Decreto lexislativo 1/2008, de 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, este exercicio consistirá na tradución, sen dicionario, dun texto de castelán ao galego e/ou de galego a castelán, nun tempo máximo de 60 minutos.

Esta proba realizarase inmediatamente despois do final da proba de coñecementos.

Estarán exentos da realización deste exercicio os aspirantes que acrediten xunto coa instancia para poder participar no proceso selectivo, posuír o Certificado de Lingua Galega 3 (Celga 3) ou equivalente (título de iniciación de galego), debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, dándoselles por superada esta proba coa cualificación de apto.

### 4. Curso de formación.

As persoas aspirantes aprobadas e as incluídas na listaxe de reserva deste proceso selectivo deberán superar un curso de formación teórico-práctico na Agasp como requisito indispensable para ser contratadas como auxiliares de policía local, de conformidade co disposto no artigo 95.6 da Lei 4/2007, do 20 de abril, e no artigo 48 do Decreto 243/2008, do 16 de outubro.

No caso de que por falta de tempo material, non esté rematado o proceso selectivo cando se convoque o curso de formación por parte da Academia Galega de Seguridade, este concello remitirá a lista de admitidos a este organismo, coa fin de que poidan realizar o curso, para proceder posteriormente a finalizar o proceso selectivo e a realizar a contratación dos aprobados/as.

Só estarán dispensadas de realizar este curso aquelas persoas que xa o realizasen e esté en vigor.

No caso da non incorporación ao curso ou de abandono deste sen rematalo, salvo por causas excepcionais, considerarase que a persoa aspirante non superou o proceso selectivo.

### B. ANEXO - Temario.

1. O municipio. Concepto e elementos. Competencias municipais. A organización e funcionamento do municipio. O Pleno. O alcalde. A Xunta de Goberno Local. Outros órganos municipais.
2. Ordenanzas, regulamentos e bandos. Clases e procedemento de elaboración e aprobación.
3. A licenza municipal. Tipos. Actividades sometidas a licenza. Tramitación.
4. Lei de coordinación das policía locais de Galicia e normas de desenvolvemento. Réxime disciplinario: disposicións xerais e faltas disciplinarias.
5. A actividade da policía local como policía administrativa I: consumo. Abastos. Mercados. Venda ambulante. Espectáculos e establecementos públicos.
6. A actividade da policía local como policía administrativa II: urbanismo. Infraccións e sancións. A protección ambiental: prevención e calidade ambiental, residuos e disciplina ambiental.
7. Delitos e faltas. Circunstancias modificativas da responsabilidade criminal. Persoas responsables: autores e cómplices.
8. Delitos contra a seguranza viaria. Faltas cometidas con ocasión da circulación de vehículos de motor. Lesións e danos imprudentes.
9. Lei de seguranza viaria. Regulamentos de desenvolvemento. Estrutura e conceptos xerais.
10. Normas xerais de circulación: lugar na vía, velocidade, prioridade de paso, cambios de dirección e sentido. Adiantamentos. Parada e estacionamento. Vehículos e transportes especiais. Cinto e casco de seguranza.
11. Circulación por zonas peonís. Comportamento en caso de emerxencia. Sinais de circulación. Clasificación e orde de prioridade. Carencia do seguro obrigatorio.
12. A policía como servizo público. A policía local como policía de proximidade e de servizo. O auxiliar de policía e as súas funcións. Responsabilidades do auxiliar de policía.

### C. Relación de aprobados/as.

Establecida a puntuación final de cada aspirante, elaborárase unha listaxe destes/as baseándose na súa puntuación e por orde decrecente, resultando seleccionados os que, tendo en conta o número de prazas, obtivesen as dúas notas máis altas. Publicarase no taboleiro de anuncios do Concello e no da sede electrónica.

A puntuación das persoas aspirantes que superen todas as probas do proceso selectivo, virá determinada, pola puntuación da proba de coñecementos.

En caso de empate na citada proba teórica de coñecementos, tendo en conta que nos corpos da Policía Local de Galicia existe infrarepresentación feminina no suposto de empate das puntuacións de dous ou máis aspirantes, acudirase por orde aos seguintes criterios ata que se resolva:

- a) Criterio de desempate recollido no artigo 49 do Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, segundo o cal, o empate, resolverase a favor da muller.
- b) Menor tempo acadado na proba de resistencia xeral, carreira de 1.000 metros lisos, que se aplicará en función dos tramos de idade e sexo previstos nos baremos correspondentes.
- c) En último lugar, o empate dirimirase por sorteo entre as persoas implicadas.

Os restantes candidatos que superen as probas serán designados suplentes para as posibles baixas no servizo e para o caso de renuncia ou desistimento do seleccionado.

### NOVENA.- CONTRATACIÓN

Antes da formalización do correspondente contrato laboral, o aspirante proposto polo Tribunal e os citados suplentes, ademais de cumprir os requisitos esixidos nestas bases, deberán presentar a seguinte documentación:

- Documento acreditativo expedido polo organismo oficial correspondente que acredite que o solicitante non ten sido condenado/a por delito doloso.
- Declaración responsable de que o/a solicitante non esta inhabilitado/a para o exercicio das funcións públicas, nin separado/a do servizo das administracións públicas por expediente disciplinario ou rexelatinización xudicial.
- Declaración xurada de non atoparse incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.
- Fotocopia da tarxeta co número de afiliación a Seguridade Social.

Para o suposto de que as persoas propostas non se presenten a formalizar os correspondentes contratos, non os puideran formalizar por algunha causa legal, o unha vez, formalizados foran extinguidos ou suspendidos por causas legais, ou para outros supostos en que os contratados non puideran cumprir o contrato, o Alcalde poderá formalizar un novo contrato polo tempo restante có seguinte aspirante suplente que por orde de puntuación lle corresponda, sen que en ningún caso, a duración total do contrato inicial e do substituto poida exceder os 6 meses.

En cadanseu contrato deberá constar a declaración xurada do seleccionado de non desempeñar ningún traballo, posto ou actividade no sector público e que non realiza actividade privada remunerada, e de non incorrer en ningunha das causas de incompatibilidade de aplicación ó persoal das Administracións Públicas e de comprometerse a desenvolver a súa actividade profesional con pleno respecto ó disposto na Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ó servizo das Administracións Públicas, así como ó disposto do R.D. 598/1985, de 30 de abril.

### DÉCIMA.- INCIDENCIAS.

A convocatoria, as súas bases e cantos actos administrativos se deriven delas e da actuación do tribunal, poderán ser impugnados polos interesados, nos casos, termos e formas previstos pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Se en calquera momento do proceso selectivo chegara a coñecemento do tribunal que algún dos aspirantes non posúe a totalidade dos requisitos esixidos na convocatoria, logo da audiencia do interesado, deberá propor ao Alcalde a súa exclusión indicando as inexactitudes ou falsidades observadas para os efectos procedentes.

O tribunal queda facultado para resolver as dúbidas que se presenten e para tomar os acordos necesarios para a boa orde deste proceso.

### UNDÉCIMA.- RÉXIME XURÍDICO.

No non previsto nestas bases estarase ao establecido na Lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policía locais, Decreto 243/2008, de 16 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 4/2007; Orde do 28 de xaneiro de 2009 pola que se determinan as probas de selección, temarios e baremos de méritos para o ingreso, promoción interna e mobilidade nos corpos de policía locais, para a integración dos vixilantes e auxiliares de policía ou interinos, para o acceso como vixilantes municipais e a contratación de auxiliares de policía de tempada; Lei 7/2004, de 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes; Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime



local; Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local; RDL 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público; Lei 2/2015, de 29 de abril do emprego público de Galicia; Real Decreto 3641/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ó servizo da administración xeral do estado e da provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da administración xeral do estado; Decreto 95/1991, de 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección de persoal ó servizo da Administración Autonómica de Galicia; Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local; Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores; Real Decreto - Lei 10/2011, de 26 de agosto e demais disposicións concordantes e de xeral aplicación.

#### **DUODÉCIMA.— RECURSOS**

Contra a presente convocatoria, as súas bases e os actos de aplicación desta, poderá interpoñerse optativamente un dos seguintes recursos:

- Recurso de reposición ante o mesmo órgano autor do acto, no prazo de un mes, a partir do día seguinte ao da súa notificación ou publicación do acto ou acordo.
- Recurso Contencioso-Administrativo ante os órganos da orde xurisdiccional contencioso-administrativo que correspondan, consonte ao disposto nos artigos 8, 10 e 13 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de DOUS MESES contados dende o día seguinte ao da recepción da presente notificación, en harmonía co establecido no artigo 46 da devandita Lei.

#### **DÉCIMO TERCEIRA.—NORMA FINAL.**

O Tribunal queda facultado para interpretar as Bases da Convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias presente a súa aplicación, e poderá adoptar os acordos necesarios procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.

**ANEXO I (modelo de instancia)**

D./D.<sup>a</sup>....., con  
 DNI....., nado/-a .....(data nacemento), veciño/-a  
 de....., con ..... enderezo  
 en.....  
 Cconcello ..... e ..... teléfono/s ..... de  
 contacto.....,

**EXPON:**

PRIMEIRO.- Que desexa ser admitido/-a ás probas selectivas de acceso para cubrir a contratación temporal, a tempo completo, de 2 auxiliares de policía local, de conformidade coa convocatoria aprobada pola Resolución de Alcaldía do 10 de maio de 2022.

SEGUNDO.- Que coñece e acepta as bases que rexerán para a dita convocatoria, e declara que reúne todos e cada un dos requisitos esixidos nestas, referidos á finalización do prazo sinalado para a presentación de instancias.

TERCEIRO.- Que non estou incurso en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade, nin padezo enfermidade ou defecto físico/psíquico que me impida o desempeño deste emprego. Así mesmo, declaro que non estou separada do servizo de ningunha Administración Pública por expediente disciplinario, nin inhabilitada por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.

CUARTO.- Que achega coa solicitude a seguinte documentación ou xustificantes esixidos polas bases que rexen a convocatoria:(relación de documentación esixida):

Por tanto SOLICITA:

Que se teña por presentada a correspondente solicitude no prazo establecido e se lle admita a tomar parte nas probas selectivas para o emprego anteriormente indicado.

Mondoñedo,..... de ..... de 2022

(sinatura)

A/A SR. ALCALDE - PRESIDENTE DO CONCELLO DE MONDOÑEDO (LUGO)“

Mondoñedo, 10 de maio de 2022.- O Alcalde, Manuel Ángel Otero Legide.

R. 1188

## MURAS

### Anuncio

#### MANUEL REQUEIJO ARNEJO, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE MURAS

Mediante resolución número 2022-0335 de data 21 de abril de 2022, aprobouse a listaxe provisional de admitidos e excluídos para participar na convocatoria para a selección dun/ha educador social, funcionario/a de carreira, Escala Administración especial, subescala técnica, grupo A, subgrupo A2, concedendo un prazo de dez días hábiles contados a partir do seguinte da súa publicación no BOP, para presentar alegacións e ou emendar deficiencias.

Devandita resolución publicouse no Boletín Oficial da Provincia de Lugo número 96 de 28 de abril de 2022, polo que o prazo de presentación de alegacións está comprendido entre o 29 de abril ao 9 de maio de 2022, ambos inclusive.

Á vista das enmendadas presentadas e de conformidade coas atribucións que me confire o artigo 21.1.g) e s) da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das Bases de Réximen Local

#### RESOLVO

**PRIMEIRO.-** Aprobar a relación definitiva de aspirantes admitidos e excluídos no proceso selectivo para prover 1 praza dun/ha educador social, funcionario/a de carreira, Escala Administración especial, subescala técnica, grupo A, subgrupo A2, que a continuación se insire

NOME E APELIDOS	DNI	Data presentación	Admitido
MARIA ASER LOPEZ SAAVEDRA	3426****X	2021-E-RC-1588 29.12.2021	NO (1)
ANA MARIA CABAILEIRO	3267****T	2021-E-RE-981 31.12.2021	NO (1)
MARIA VANESA GARCIA VILLARES	3355****Y	2022-E-RC-2 03.01.2022	SI
KENIA RUIBAL IGLESIAS	3617****G	2022-E-RE-13 05.01.2022	SI
MARIA ADEGA PIÑON	3269****F	2022-E-RC-9 05.01.2022	SI
SELENE CASAL ALVAREZ	4466****W	2022-E-RE-15 06.01.2022	SI
CRISTINA MARTINEZ LÓPEZ	3488****E	2022-E-RE-18 09.01.2022	SI
LUCIA IGLESIAS MIRAS	7932****D	2022-E-RE-41 10.01.2022	SI
SANDRA CEREIJO ROMERO	3271****X	2022-E-RE-45 11.01.2022	SI
DELIA CABARCOS BERMUDEZ	3488****F	2022-E-RE-46 11.01.2022	SI
CRISTINA GARCIA PARAPAR	3559****S	2022-E-RC-107 11.01.2022	SI
CANDELA OTERO AMIGO	4595****Z	2022-E-RE-53 12.01.2022	SI
MARTA REY PEÓN	7747****F	2022-E-RE-54 12.01.2022	SI
LUCIA FERNANDEZ IGLESIAS	3270****F	2022-E-RE-58 13.01.2022	SI
MAITE SIO DOCAMPO	7701****S	2022-E-RE-66 14.01.2022	SI
IRIA GARCIA MARTINEZ	3269****Q	2022-E-RE-72 16.01.2022	SI
LAURA VILABOY ROMERO	7933****L	2022-E-RE-26 17.01.2022	SI

MARIA BARREIRO DOMINGUEZ	3353****E	2022-E-RE-76	18.01.2022	SI
MONICA CARBALLO CASTAÑO	3427****X	2022-E-RC-40	19.01.2022	SI
NOELIA VARELA VAZQUEZ	5412****P	2022-E-RE-88	19.01.2022	SI
CRISTINA PILAR GIL BALSEIRO	3615****H	2022-E-RE-92	20.01.2022	SI
RAQUEL GONZALEZ BORRAJO	4409****S	2022-E-RE-93	20.01.2022	SI
MARIA DEL MAR BOVEDA LOPEZ	3329****H	2022-E-RC-63	24.01.2022	SI

#### Causas exclusión

(1)- Instancia presentada fóra de prazo (non subsanable).

**SEGUNDO.-** ORDENAR a publicación da presente resolución no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiros da Sede Electrónica do Concello de Muras.

**TERCEIRO.-** Dar conta ao Pleno da corporación na seguinte sesión que se celebre en cumprimento do establecido no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen Xurídico das Entidades Locais.

En Muras, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde D. Manuel Requeijo Arnejo, do que eu, D<sup>a</sup> Silvia Lamelas Soto, como Secretaria, dou fe. (Asinado aos efectos do artigo 3 do RD 128/2018 de 16 de marzo)

R. 1189

## AS NOGAIS

### Anuncio

Por Resolución de Alcaldía de data 6 de maio de 2022 aprobouse o Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar na modalidade de libre concorrencia ou prestación básica e de dependencia correspondente ao mes de abril de 2022.

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de 15 días hábiles, que empezará a contar dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, tanto en vía administrativa (artigos 123 e 124 da LPAC), coma na vía contenciosa (artigos 19, 25 e 46 da LJCA) O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

As Nogais, 6 de maio de 2022.- O Alcalde, Jesús Manuel Núñez Díaz.

R. 1157

## PALAS DE REI

### Anuncio

#### **EDICTO DE NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE LIQUIDACIÓNS E ANUNCIO DE COBRANZA**

Unha vez aprobados definitivamente por resolución desta Alcaldía nº 2022-0221, ditada o 4 de maio de 2022, os padróns e listas cobratorias dos tributos locais Taxa pola prestación do servizo de saneamento e abastecemento de auga, recollida de lixo e canon da auga, referidos ao exercicio de 1º Trimestre do 2022, expóñense ao público no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro municipal de edictos, por un prazo de quince días hábiles a contar dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio, co fin de que aqueles que se consideren interesados poidan formular todas as observacións, alegacións ou reclamacións que teñan por convenientes.

Contra o acto de aprobación dos devanditos padróns e/ou liquidacións contidas neles poderase interpor un recurso previo de reposición ante a Alcaldía-Presidencia no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da finalización da exposición pública, de acordo co establecido no artigo 14 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo. Polo que respecta ao canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia tamén no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación consonte co disposto no artigo 49,7 do Decreto 136/2012 polo que se aproba o regulamento do canon da auga e do coeficiente de vertido a sistemas públicos de depuración de augas residuais.

Conforme o establecido no artigo 62.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, ponse en coñecemento dos contribuíntes que se procederá ao cobramento en período voluntario do imposto do día 1 ao 31 de maio. O pagamentos farase efectivo nas entidades financeiras colaboradoras. Os recibos correspondentes a esta cobranza que figuren correctamente domiciliados enviaranse ás respectivas entidades de depósito para que sexan adebedados nas contas dos seus clientes.

Unha vez transcorrido o prazo de ingreso voluntario sen que se satisfaga a débeda, iniciárase o período executivo, de acordo co teor dos artigos 26, 28 e 161 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, o que determinará a esixencia dos xuros de mora, así como a das recargas que correspondan e, se é o caso, das custas do procedemento de constrinximento. Polo que respecta ao canon da auga a vía de constrinximento será realizada pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

Palas de Rei, 5 de maio de 2022.- O alcalde, Pablo José Taboada Camoira.

R. 1158

## A POBRA DO BROLLÓN

### Anuncio

#### **CONVOCATORIA DE EMPREGO.**

**O Concello da Pobra do Brollón mediante a Xunta de Goberno Local de 02.05.2022 aprobou as “BASES DA CONVOCATORIA PARA A PROVISION DE 1 PRAZA DE TRABALLADOR SOCIAL INTERINO A XORNADA COMPLETA PARA CUBRIR VACANTE POR EXCEDENCIA DO TITULAR DA PRAZA, MEDIANTE OPOSICIÓN LIBRE”.**

- Modalidade contratación: A modalidade do contrato será laboral interino en substitución da traballadora titular da praza.
- Xornada: xornada completa.
- Prazo presentación solicitudes: 5 días hábiles a partir da publicación do presente anuncio no BOP de Lugo.
- Salario: retribución bruta mensual de 1.715,24 €, non incluídas as pagas extras.
- Funcións: as que se especifican nas Bases antes citadas.

As bases atópanse dispoñibles en:

- Sede electrónica : <http://concelloapobradobrollon.sedelectronica.es/info.5>
- oficinas xerais e taboleiro de anuncios do Concello de A Pobra do Brollón

A Pobra do Brollón, 5 de maio de 2022.- O alcalde, J. Luis Maceda Vilariño.

R. 1159

## RIBADEO

### Anuncio

#### **APROBACIÓN DEFINITIVA DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 12 /2022 SUPLEMENTO DE CREDITO 03/2022**

En cumprimento do artigo 169.1, por remisión do 177.2, do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, xa que non se presentaron alegacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario do día 07/04/2022, sobre o expediente de modificación de créditos núm. 12/2022 do orzamento en vigor, na modalidade de suplemento de crédito financiado co remanente líquido de tesourería, para gastos de facturas de exercicios pechados, pola cantidade de 810.143,77 euros, que se fai público resumido por capítulos:

ESTADO DE GASTOS				
Capítulo	Denominación	Anterior	Modificación	Actual
A. Operacións non financeiras				
A.1 Operacións Correntes				
1	Gastos de Persoal	4.818.173,13	0,00	4.818.173,13

2	Gastos B. Correntes e Servizos	4.346.024,23	432.014,77	4.778.039,00
3	Gastos Financeiros	8.300,00	0,00	8.300,00
4	Transferencias Correntes	439.897,01	0	439.897,01
5	Fondo de continxencia	20.000,00	0,00	20.000,00
A.2 Operacións de Capital				
6	Investimentos Reais	3.471.593,12	378.129,00	3.849.722,12
7	Transferencias de Capital	425.659,47	0,00	425.659,47
B.- Operacións financeiras				
8	Activos Financeiros	27.045,54	0,00	27.045,54
9	Pasivos Financeiros	534.300,83	0,00	534.300,83
<b>Total</b>		<b>14.090.993,33</b>	<b>810.143,77</b>	<b>14.901.137,10</b>
<b>ESTADO DE INGRESOS</b>				
<b>Capítulo</b>	<b>Denominación</b>	<b>Anterior</b>	<b>Modificación</b>	<b>Actual</b>
A. Operacións non financeiras				
A.1 Operacións Correntes				
1	Impostos Directos	2.753.000,00	0,00	2.753.000,00
2	Impostos Indirectos	280.000,00	0,00	280.000,00
3	Taxas e outros Ingresos	2.439.720,75	0,00	2.439.720,75
4	Transferencias Correntes	3.869.441,38	0,00	3.869.441,38
5	Ingresos Patrimoniais	12.791,21	0,00	12.791,21
A.2 Operacións de Capital				
6	Alleamento de Investimentos Reais	0,00	0,00	0,00
7	Transferencias de Capital	1.080.178,68	0,00	1.080.178,68
B.- Operacións financeiras				
8	Activos Financeiros	2.744.346,99	<b>810.143,77</b>	3.554.490,76
9	Pasivos Financeiros	911.514,32	0,00	911.514,32
<b>Total</b>		<b>14.090.993,33</b>	<b>810.143,77</b>	<b>14.901.137,10</b>

Contra este acordo, segundo o disposto no artigo 171 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, os interesados poderán interpor directamente un recurso contencioso-administrativo, na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 42 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición.

Sen prexuízo disto, consonte o establecido no artigo 171.3 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, a interposición do dito recurso non suspenderá por si soa a efectividade do acto ou acordo impugnado.

Ribadeo, 6 de maio de 2022.- O alcalde, Fernando Suárez Barcia.

R. 1160

## SAMOS

### *Anuncio*

Aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de 21.04.2022 o padrón municipal da Taxa por subministro de auga e canon da auga a Samos e parroquias limítrofes, correspondente ao 2º trimestre de 2020, expónse ao público polo prazo de 15 días contados dende o seguinte ao da publicación deste anuncio no B.O. P., rematado este sen presentarse reclamacións, entenderase definitivamente aprobado.

O cobro do mesmo realizarase mediante cargo na conta bancaria respectiva, para aqueles que o teñan domiciliado, e mediante ingreso dos contribuintes na conta do Concello no Banco Santander ou BBVA de Samos, noutro caso.

Fixase como período de cobro en voluntaria o prazo de dous meses dende o día seguinte a finalización da exposición desta publicación no BOP.

A falta de pagamento en período voluntario do canon de auga suporá a esixencia directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante a Xunta Superior de Facenda (Consellería de Facenda) da Xunta de Galicia, no prazo dun mes dende o día seguinte ao remate de exposición pública do padrón

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ó amparo do previsto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria. Durante o devandito prazo os interesados poderán examinar e formular contra os actos que se notifican ante a Xunta de Goberno Local deste Concello, recurso de reposición previo ao contencioso administrativo, no prazo dun mes a contar dende a exposición pública do padrón. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formulen poderán interporse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

Transcurrido o período de pago en voluntaria as deudas serán esixidas polo procedemento de apremio a través do servizo provincial de recaudación.

Samos, 5 de maio de 2022.- O alcalde, Julio Gallego Moure.

R. 1161

### *Anuncio*

Aprobados pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 05.05.2022, os padróns municipais dos Prezos Públicos polo servizo de axuda no fogar e polo servizo vivendas comunitarias/apartamento tutelado, correspondentes a ABRIL/2022, expoñense ao público polo prazo de 15 días contados dende o seguinte ao da publicación deste anuncio no B.O.P., rematado este prazo sen presentarse reclamacións, entenderanse definitivamente aprobados.

O cobro dos mesmos realizarase mediante ingreso dos contribuíntes na conta do Concello no Banco Santander ou BBVA.

Fixanse como período de cobro en voluntaria:

\*Do Prezo Público polo servizo de axuda no fogar con carácter posterior á prestación do servizo é carácter específico, durante os vinte primeiros días do mes seguinte.

\*Do Prezo Público polo servizo de vivendas comunitarias e apartamento tutelado o prazo de cinco días, dende o seguinte a exposición deste anuncio no BOP.

Este anuncio ten carácter de notificación colectiva ó amparo do previsto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria. Durante o devandito prazo os interesados poderán examinar e formular contra os actos que se notifican ante a Xunta de Goberno Local deste Concello, recurso de reposición previo ao contencioso administrativo, no prazo dun mes a contar dende a exposición pública dos padróns. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formulen poderá interporse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

Transcurrido o período de pago en voluntaria as deudas serán esixidas polo procedemento de apremio a través do servizo provincial de recaudación.

Samos, 5 de maio de 2022.- O alcalde, Julio Gallego Moure.

R. 1162

**TABOADA***Anuncio***ANUNCIO DA EXPOSICIÓN PÚBLICA DO PADRÓN FISCAL E DO PERÍODO EN VOLUNTARIA DA COBRANZA DA TAXA POR "ENTRADA DE VEHÍCULOS A TRAVÉS DAS BEIRARRÚAS E AS RESERVAS DE VÍA PÚBLICA PARA APARCAMENTO, CARGA E DESCARGA DE MERCADORÍAS DE TODA CLASE" DE 2022**

O Padrón fiscal da taxa de prestación do servizo por entrada de vehículos a través das beirarrúas e as reservas de vía pública para aparcamento, carga e descarga de mercadorías de toda clase do exercicio 2022, foi aprobado por Decreto de Alcaldía de data 5 de maio de 2022.

O mencionado padrón expónse ao público nas oficinas da Casa do Concello polo prazo de un mes, contado dende o seguinte ao da publicación no BOP do presente anuncio, para os efectos de que os interesados poidan examinalo e, no seu caso, formular as reclamacións oportunas (o recurso de reposición regulado no artigo 14.2 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, que recolle o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no prazo dun mes, contado dende o seguinte ao da finalización do período de exposición pública do mencionado padrón fiscal.

Contra a resolución recaída no recurso de reposición poderase interpoñer, diante do Xulgado do Contencioso-Administrativo competente o recurso Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ao da notificación a dita resolución.

Se non recaera resolución no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da presentación do recurso de reposición, en virtude do previsto no mencionado artigo 14.2 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, produciranse os efectos xurídicos establecidos nos artigos 24 e 25 Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Non obstante, se se considera conveniente, poderase empregar e exercitar calquera outro recurso.

A publicación no BOP do presente anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao amparo do previsto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

O período de cobranza en voluntaria será o comprendido dende o día **26 de maio de 2022 ao 27 de xullo de 2022**, ambos os dous incluídos. Os contribuíntes poderán efectuar o pagamento da débeda tributaria do seguinte xeito:

- a) Na entidade colaboradora Abanca, presentando o correspondente recibo.
- b) Os recibos domiciliados polos contribuíntes serán cargados directamente polas respectivas entidades bancarias.

Unha vez rematado o prazo de pagamento en voluntaria sinalado, os débitos non satisfeitos entrarán no período executivo, de acordo co establecido no artigo 161 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, percibíndose a recarga e xuros de demora establecidos nos artigos 26 e 28 da referida norma.

Taboada, 5 de maio de 2022.- O Alcalde, Ramiro Moure Ansoar.

R. 1163

**XOVE**

En cumprimento do disposto no artigo 91 da Lei 7/1985, de 2 de abril, e no artigo 70 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro; faise público que por Resolución de Alcaldía de data 4 de maio de 2022 aprobouse a Oferta Pública de Emprego a través da que se articulará o proceso extraordinario de estabilización previsto na Lei 20/2021, do 28 de decembro e que a seguir se relacionan:

A).- PERSOAL FUNCIONARIO:

**1.) DENOMINACIÓN:** Auxiliar administrativo.

CATEGORÍA: C2.

Nº DE PRAZAS: 3

XORNADA: Completa.

**2.) DENOMINACIÓN:** Sociólogo/a.

CATEGORÍA: A1.

Nº DE PRAZAS: 1

XORNADA: Completa.

**3.) DENOMINACIÓN:** Educadora Social.

CATEGORÍA: A2.

Nº DE PRAZAS: 1



XORNADA: Completa.

**B) PERSOAL LABORAL**

**1.) DENOMINACIÓN:** Persoal Pintura.

CATEGORÍA: C2.

Nº DE PRAZAS: 1

XORNADA: Completa.

**2.) DENOMINACIÓN:** Coidaor/a Escola Infantil .

CATEGORÍA: AP.

Nº DE PRAZAS: 1

XORNADA: Completa.

**3.) DENOMINACIÓN:** Educadora Escola Infantil .

CATEGORÍA: A2.

Nº DE PRAZAS: 1

XORNADA: Completa.

**4.) DENOMINACIÓN:** Persoal xardineria .

CATEGORÍA: C2.

Nº DE PRAZAS: 1

XORNADA: Completa.

**5.) DENOMINACIÓN:** Limpeza Viaria.

CATEGORÍA: AP.

Nº DE PRAZAS: 1

XORNADA: Completa.

**6.) DENOMINACIÓN:** Operario/a limpeza instalacións .

CATEGORÍA: AP.

Nº DE PRAZAS: 1

XORNADA: Parcial (53 ´ 33%)

**7.) DENOMINACIÓN:** Operario/a limpeza .

CATEGORÍA: AP.

Nº DE PRAZAS: 3

XORNADA: Completa. ( Fixa – discontinua )

**8.) DENOMINACIÓN:** Operario/a limpeza.

CATEGORÍA: AP.

Nº DE PRAZAS: 2

XORNADA: Completa.

**9.) DENOMINACIÓN:** Soldador .

CATEGORÍA: C2.

Nº DE PRAZAS: 1

XORNADA: Completa.

**10.) DENOMINACIÓN:** Auxiliar Servizos Sociais .

CATEGORÍA: C2.

Nº DE PRAZAS: 1

XORNADA: Completa.

, será o Concurso de méritos.

---

**SEGUNDO.-** Advertido o erro cometido na OPE 2020 relativo ao sistema selectivo a seguir na provisión da seguinte praza:

**TASA POR REPOSICIÓN DE EFECTIVOS**

A).- PERSOAL FUNCIONARIO:

**1.) DENOMINACIÓN:** Auxiliar administrativo .

CATEGORÍA: C2.

Nº DE PRAZAS: 1

XORNADA: Completa.

SISTEMA DE PROVISIÓN: Concurso - Oposición.

; proceder a súa corrección sinalando que o sistema de selección ao tratarse dunha praza de funcionario da escala de administración general debe ser necesariamente a Oposición Libre.

Esta praza non está afectada polo Proceso Extraordinario de Estabilización polo que se mantén o prazo de execución da OPE 2020 polo cal o proceso selectivo deberá estar rematado antes do 30 de xuño de 2023.

Xove, 6 de maio de 2022.- O Alcalde, Jose Demetrio Salgueiro Rapa.

R. 1164

---